

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA**

**IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO DE MONDOÑEDO**

**curso 2014-2015**

## ÍNDICE

Nº de páxina

Introdución.....	4
Lexislación curricular .....	5
Datos do Departamento.....	6
Contribución da área ao logro das competencias básicas.....	7
ESO.....	9
Obxectivos da materia por cursos.....	10
1ºESO.....	10
2ºESO.....	12
3ºESO.....	14
4ºESO.....	16
Contidos:secuenciación e temporalización.....	18
1ºESO.....	18
2ºESO.....	25
3ºESO.....	32
4ºESO.....	39
Criterios de avaliación.....	46
Contidos mínimos.....	50
BACHARELATO.....	53
Obxectivos da materia por cursos.....	54

1ºBAC.....	54
2ºBAC.....	59
Contidos:secuenciación e temporalización.....	62
1ºBAC.....	62
2ºBAC.....	69
Criterios de avaliación.....	75
1ºBAC.....	75
2ºBAC.....	78
Metodoloxía, materiais curriculares e recursos didácticos.....	79
Avaliación.....	83
Procedementos e instrumentos.....	83
Sistemas de cualificación.....	84
Recuperación.....	85
Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.....	86
Medidas de atención á diversidade.....	86
Actividades complementarias e extraescolares .....	86
Tratamento e fomento da lectura.....	87
Tratamento e fomento das TIC.....	87
Procedementos de avaliación da programación.....	87
Conformidade dos membros do departamento coa presente programación...89	
Anexo I: programación 4º de PDC.....	90

## INTRODUCCIÓN

A seguinte programación didáctica concíbese como un documento que pretende concretar as directrices contidas na lexislación que se indica no seguinte apartado, á vez que como un marco o suficientemente xeral que permita a cada profesor do departamento adaptalo á súa programación de aula.

Por esta razón non se describe minuciosamente cada unha das unidades didácticas que conformarán cada curso, senón que só se indican uns contidos xerais que cada membro do departamento irá organizando segundo o seu criterio e circunstancias de cada momento.

Segundo o DOG, o contido estrutúrase en catro bloques para a ESO:

- a) Comunicación oral e escrita.
- b) Funcionamento da lingua.
- c) Lingua e sociedade
- d) Educación literaria.

E só tres para o Bacharelato:

- a) Lingua e texto
- b) A sociolingüística
- c) A Literatura.

Cada un destes bloques desenvólvese do seguinte xeito:

- Obxectivos
- Contidos: conceptuais, procedementais e actitudinais
- Contidos mínimos na ESO
- Criterios de avaliación.

Os apartados dedicados a metodoloxía, avaliación, medidas de atención á diversidade, actividades complementarias e extraescolares, contribución ao plan lector e ás TIC están redactados de forma xeral, indicando, cando sexa preciso, que aspectos se refiren á ESO e cales ao Bacharelato.

## LEXISLACIÓN CURRICULAR

### 1.Básica:

-**Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio**, de Educación (BOE núm. 106 de 04-05-06)

### 2.Para a ESO

-**Real Decreto 1631/2006, de 29 de decembro**, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria. (BOE de 5 de xaneiro de 2007).

-**Decreto 133/2007, do 5 de xullo** polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13-07-2007)

-**Orde do 30 de xullo de 2007** pola que se regulan os programas de diversificación curricular na Educación Secundaria Obrigatoria (DOG 21-8-2007)

-**Orde do 6 de setembro de 2007** pola que se desenvolve a implantación da Educación secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 12-09-07)

-**Orde de 21 de decembro de 2007** pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 7-1-08)

### 3-Para bacharelato

-**Real Decreto 1467/2007 de 2 de novembro** polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas.(BOE 6-9-07)

-**Decreto 126/2008, do 19 de xuño**, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 23-6-08)

-**Orde do 24 de xuño de 2008** pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato en Galicia (DOG 29-5-08)

### 4.-Para PDC

-**Orde do 30 de xullo de 2007** pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG 21-8-2007).

## **DATOS DO DEPARTAMENTO**

### **1.Composición.**

O departamento está formado por tres profesoras do corpo de Profesores de Ensino Secundario:

-Inés Pérez Díaz: atenderá os grupos de 1ºBAC-A 1º-BAC-B ,2ºESO-A, 2º ESOB, 3ºESO-A e 3ºESO-B cun total de 18 horas.

-Luz Galocha Seivane: farase cargo de dous grupos de 1º de ESO e un grupo de 4ºPDC cun total de 16 horas semanais. Será a coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística. Correspóndelle 3 horas de redución horaria.

-Paz Fernández Vidal: xefa de departamento, con 16 horas de clase semanais , atenderá dous grupos de 2º de ESO, dous grupos de 2ª de BAC e un Agrupamento Específico de 2ºESO. Levará tamén a titoría de 4ºESO-A que supón unha hora presencial. Correspóndelle 3 horas de redución horaria.

### **2. Xefatura**

Será desempeñada por Paz Fernández Vidal durante o período 2012-2016

### **3.Reunión semanal:**

Non existe unha hora dedicada a tal fin nos horarios dos profesores.

### **4.Materias impartidas polo departamento:**

#### **ESO**

- Lingua galega e literatura de 1º de ESO: 1º A e 1ºB
- Lingua galega e literatura de 2º de ESO: 2º A e 2ºB
- Lingua galega e literatura dun agrupamento específico de 2º ESO
- Lingua galega e literatura de 3º de ESO: 3º A e 3ºB
- Lingua galega e literatura de 4º de ESO: 4º A e 4ºB

#### **BACHARELATO**

- Lingua galega e literatura de 1º de BAC: 1º A
- Lingua galega e literatura de 2º de BAC: 2º A

#### **PDC**

- Ámbito lingüístico-social de 4º de PDC

### **5. Sistema de información sobre a programación**

Esta programación estará a disposición daqueles alumnos e familias que desexen consultada en:

- Na páxina web do centro
- Xefatura de Estudos.
- Departamento de Lingua e Literatura galegas.
- No taboleiro de alumnos: un extracto dos contidos mínimos e procedementos e

criterios de avaliación.

-Nos primeiros días de clase os profesores informarán aos alumnos dos contidos curriculares e dos procedementos e criterios de avaliación que se aplicarán, dando conta a Xefatura de Estudos de que se realizou esa tarefa.

## **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

### **1.Competencia en comunicación lingüística.**

A área de Lingua galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia.

A competencia comunicativa é a capacidade para participar de maneira apropiada en diversas situacións de comunicación poñendo en xogo coñecementos e estratexias pertencentes a catro ámbitos que se traballan nas aulas de Lingua:

-Competencia lingüística: inclúe os coñecementos e destrezas de carácter fonolóxico, ortográfico, gramatical e léxico-semántico necesarios para usar unha lingua.

-Competencia sociolingüística: alude ás convencións sociais que rexen o uso adecuado da lingua:formas de tratamento, elección do rexistro adecuado, fórmulas protocolarias, xestión das quendas de palabra...

-Competencia pragmática:refírese ao uso dos recursos da lingua en relación coa finalidade que se pretende nun acto comunicativo. Implica o coñecemento das formas de organización dos textos e o coñecemento das distintas formas que ofrece a lingua para lograr un determinado propósito comunicativo.

-Competencia estratéxica:refírese ao dominio das destrezas básicas de comprensión e expresión.

As habilidades e estratexias que o alumno aprende nas clases de Lingua galega e Literatura son capacidades que se aplican á aprendizaxe e uso doutras linguas do currículo.

### **2.Competencia para aprender a aprender.**

A lingua é o instrumento de acceso a novos coñecementos e neste sentido a materia relaciónase directamente con esta competencia. Así mesmo, a reflexión sobre a lingua implica a adquisición dunha serie de conceptos e procedementos que se reutilizan para aprender a aprender lingua.

### **3.Autonomía e iniciativa persoal.**

Por outra parte, aprender a usar a lingua é tamén aprender a resolver problemas, trazar plans e tomar decisións, polo que a adquisición das habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na adquisición progresiva de autonomía.

### **4.Tratamento da información e competencia dixital.**

Unha das metas da materia é a busca e selección de información relevante para satisfacer diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na composición de textos orais e escritos propios. Este proceso requirirá o uso adecuado de bibliotecas pero tamén da Internet.

Ao desenvolvemento desta capacidade tamén contribúe o feito de que o currículo

inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos.

### **5.-Competencia social e cidadá.**

É moi importante a contribución da materia ao logro desta competencia en canto que aprender lingua é aprender a comunicarse, e isto require o uso dun conxunto de habilidades e destrezas para a relación, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas.

Por outra parte, un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia é a constatación da diversidade lingüística e da variedade dos usos e rexistros da lingua, o cal leva

á valoración de todas as lingua como igualmente aptas para a función comunicativa.

Tamén se contribúe a esta competencia na medida en que se analizan os usos discriminatorios da linguaxe mediante os que se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo.

### **6.Competencia artística e cultural.**

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúe dun xeito extraordinario á adquisición desta competencia. A súa contribución será máis relevante en tanto en canto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas.

Tamén se contribúe a esta competencia poñendo ao alumno en contacto co mundo social da literatura: autores, críticos, librarías, catálogos, a presenza do literario na prensa...

### **7.Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

En tanto que habilidade para interactuar co mundo físico tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, esta competencia estaría xa incluída nos apartados 5 e 6.

### **8.Competencia matemática**

Na materia que imparte este departamento terase en conta fundamentalmente a aplicación do razoamento dedutivo na resolución de actividades.



**ESO**

## **OBXECTIVOS DA MATERIA POR CURSOS**

### **1ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

##### Xerais

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Desenvolver habilidades de escoita activa.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto , coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar correctamente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

##### Específicos

- Comprender , analizar e producir textos dialogados, narrativos e descritivos, orais e escritos, pertencentes aos ámbitos persoal, académico e social.

#### **b)Funcionamento da lingua**

- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Coñecer un léxico o suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica , así como das normas ortográficas.

#### **c)Lingua e sociedade**

##### Xerais

- Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando

non fose posible a comunicación na propia.

-Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.

-Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.

-Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.

-Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

#### Específicos

-Coñecemento da diversidade lingüística no mundo e no estado Español.

-Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e do reflexo da identidade dos pobos e individuos.

-Coñecemento das causas e consecuencias das situacións de contacto de linguas.

-Identificación dos distintos niveis e rexistros lingüísticos.

### **d)Educación literaria.**

#### Xerais

-Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...

-Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo.

-Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.

-Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

#### Específicos

-Comprender a especificidade do feito literario.

-Coñecer e usar os recursos literarios máis frecuentes.

-Distinguir os tres grandes xéneros literarios e coñecer as súas características.

## 2ºESO

### a)Comunicación oral e escrita.

#### Xerais

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Desenvolver habilidades de escoita activa.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto , coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar correctamente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

#### Específicos

- Comprender , analizar e producir textos expositivos, argumentativos e prescritivos, orais e escritos, pertencentes aos ámbitos persoal, académico e social.

### b)Funcionamento da lingua

- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Coñecer un léxico o suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica , así como das normas ortográficas.

### c)Lingua e sociedade

#### Xerais

- Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando non fose posible a comunicación na propia.
- Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.
- Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.

- Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.
- Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

### Específicos

- Coñecemento dos diferentes status sociais das linguas: minorizadas, internacionais...
- Análise da situación sociolingüística galega actual: usos, actitudes, prexuízos...
- Coñecemento da lexislación lingüística relativa ao galego.
- Coñecemento e valoración positiva das diferentes variedades xeográficas da lingua galega.

### **d)Educación literaria.**

#### Xerais

- Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...
- Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo
- Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.
- Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

### Específicos

- Afondar nos indicados para 1º de ESO

## 3ºESO

### a)Comunicación oral e escrita.

#### Xerais

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Desenvolver habilidades de escoita activa.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto , coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar correctamente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

#### Específicos

- Comprender , analizar e producir textos orais e escritos, pertencentes aos ámbitos académico ,social e dos medios de comunicación.

### b)Funcionamento da lingua

- Saber os fonemas vocálicos e consonánticos que constitúen o sistema fonolóxico galego e ser quen de clasificalos segundo o punto, modo de articulación e vibración das cordas vocais.
- Pronunciar correctamente os fonemas semiabertos e semipechados anteriores e posteriores.
- Afirmar coñecementos anteriores sobre ortografía e signos de puntuación, comprendendo a relación destes coa cohesión textual.
- Iniciarse no estudo da sintaxe:comprender a diferenza entre unidades e funcións e saber analizar a unidade sintáctica máis pequena: a frase ou sintagma así como a cláusula simple.
- Recoñecer os tipos de palabras segundo a forma, a orixe e a súa evolución fonética.
- Ampliar e reforzar o vocabulario e fraseoloxía relacionada cos seguintes campos léxicos: a cidade e a aldea, a Internet, as afeccións.

### c)Lingua e sociedade

#### Xerais

- Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en

todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando non fose posible a comunicación na propia.

- Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.
- Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.
- Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.
- Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

### Específicos

- Coñecer as linguas do Estado español, a súa orixe, expansión e situación sociolingüística.
- Coñecer e valorar a orixe da lingua galega como lingua histórica e propia da nosa Comunidade, así como as principais etapas históricas ata o século XIX.
- Coñecer as causas e consecuencias do contacto galego-castelán
- Coñecer a lexislación relativa á lingua galega.
- Comprender o concepto de unidade e variedade lingüística.
- Saber as características dos niveis e rexistros do galego
- Usar o nivel e o rexistro adecuado a cada situación comunicativa.

### **d)Educación literaria.**

#### Xerais

- Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...
- Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou lonxanas no espazo e no tempo.
- Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.
- Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

#### Específicos

- Comprender as circunstancias histórico-sociais nas que se desenvolveu a literatura galega dende a Idade Media ata o século XIX, ambos períodos incluídos.
- Coñecer as características dos xéneros, os intérpretes e os trazos lingüísticos da literatura medieval
- Saber as principais características da produción literaria do período dos Séculos Escuros.
- Comprender que é o Prerrexurdimento, as circunstancias que o determinan e os autores máis representativos.
- Coñecer os trazos culturais e literarios máis salientables do Rexurdimento.
- Coñecer aspectos biográficos e as principais características da obra de Rosalía, Curros e

Pondal.

## **4ºESO**

### **a)Comunicación oral e escrita.**

#### Xerais

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Desenvolver habilidades de escoita activa.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto , coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar correctamente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

#### Específicos

- Afondar nos indicados para 3º de ESO

### **b)Funcionamento da lingua**

- Afondar no estudo sintáctico iniciado no curso anterior:recoñecer, clasificar e analizar cláusulas complexas, estruturas coordinadas e oracións.
- Afirmar coñecementos anteriores sobre ortografía de grupos consonánticos e signos de puntuación, comprendendo a relación destes coa cohesión textual.
- Recoñecer as siglas, acrónimos e abreviaturas máis frecuentes.
- Recoñecer as relacións semánticas entre palabras.
- Comprender os conceptos de tabú, eufemismo, connotación e denotación.
- Ampliar e reforzar o vocabulario e fraseoloxía relacionada cos seguintes campos : a moda e o vestido, as profesións, a publicidade.

### **c)Lingua e sociedade.**

#### Xerais

- Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando non fose posible a comunicación na propia.
- Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.



- Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.
- Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.
- Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

### Específicos

- Coñecer os factores que condicionaron a historia social do galego no século XX.
- Coñecer a situación sociolingüística actual da lingua galega
- Coñecer os principais fenómenos dialectais do galego.

### **d)Educación literaria.**

#### Xerais

- Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...
- Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo.
- Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.
- Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

#### Específicos

- Coñecer o contexto histórico de Galicia no século XX
- Comprender o labor levado a cabo polos representantes da xeración do 16 ou das Irmandades no desenvolvemento da literatura galega.
- Estudar as principais contribucións dos homes de Nós á literatura galega.
- Analizar e coñecer os elementos característicos da poesía de vangarda.
- Recoñecer a M. Antonio e a A. Carballo como representantes do creacionismo e imaxinismo respectivamente.
- Coñecer as principais contribucións á literatura galega no exilio
- Coñecer os principais autores e obras da poesía e narrativa de posguerra
- Coñecer as contribucións das máis destacadas figuras da literatura galega actual.

## **CONTIDOS:SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

### **1ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

##### **1º trimestre**

###### **♣Contidos conceptuais**

- Comunicación oral e escrita.
- O texto:definición, tipos e propiedades textuais.
- Textos dialogados: a conversa, o debate, a entrevista, o chat.

###### **♣Contidos procedementais**

- Actividades de lectura, audición e comprensión de textos dialogados.
- Actividades de análise de textos dialogados.
- Actividades de produción oral e escrita de textos dialogados, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

###### **♣Contidos actitudinais**

- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos.
- Respecto polas opinións dos demais interlocutores.
- Interese pola produción propia de textos dialogados coherentes, adecuados e correctos.

##### **2º trimestre**

###### **♣Contidos conceptuais**

- Textos narrativos:o diario, a noticia, a crónica, a reportaxe...

###### **♣Contidos procedementais**

- Actividades de lectura, audición e comprensión de textos narrativos.
- Actividades de análise de textos narrativos.

-Actividades de produción oral e escrita de textos narrativos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

♣Contidos actitudinais

-Interese pola produción propia de textos narrativos coherentes, adecuados e correctos.

### **3º trimestre**

♣Contidos conceptuais

-Textos descritivos: o retrato, as guías, os catálogos, os anuncios publicitarios...

♣Contidos procedementais

-Actividades de lectura, audición e comprensión de textos descritivos.

-Actividades de análise de textos descritivos.

-Actividades de produción oral e escrita de textos descritivos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

♣Contidos actitudinais

-Interese pola produción propia de textos descritivos coherentes, adecuados e correctos.

## **b)Funcionamento da lingua**

### **1º trimestre**

♣Contidos conceptuais

-Unidades gramaticais: a palabra. Clases de palabras. O nome: substantivo e adxectivo.

-O alfabeto. Uso das maiúsculas. Uso das seguintes grafías:B e V, H, S e X, R e RR

-Campos semánticos: a casa (interior e exterior)

♣Contidos procedementais.

-Identificar e clasificar as palabras dun fragmento breve.

-Identificar os nomes dun texto e clasificalos desde o punto de vista semántico.

-Realizar distintos exercicios relativos ao xénero, número e grao dos nomes.

-Aplicar as normas ortográficas explicadas a través de diferentes exercicios : ditados, completar ocos...

-Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa vivenda.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- Interese por mellorar a ortografía
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

### **2º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- O verbo: constituíntes. Tempos e modos. O verbo regular.
- Uso de G, GU e G. Uso de C, Z e QU. O acento.
- Campos semánticos:O corpo humano, a saúde a enfermidade.

#### ♣Contidos procedementais

- Identificar os verbos dun texto e analizar a súa estrutura.
- Mediante algunha actividade lúdica , practicar a conxugación dos verbos regulares
- Aplicar as normas ortográficas explicadas a través de diferentes exercicios : ditados, completar ocos...
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado co corpo humano, a saúde e a enfermidade.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- Interese por mellorar a ortografía
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais.

- Os verbos irregulares: verbos con alternancias na vogal radical, verbos irregulares máis frecuentes.
- Signos de puntuación.
- Campos semánticos: a vestimenta.

#### ♣Contidos procedementais

- Mediante algunha actividade lúdica , practicar a conxugación dos verbos irregulares
- Aplicar as normas ortográficas explicadas a través de diferentes exercicios : ditados, completar ocos...
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa vestimenta.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- Interese por mellorar a ortografía
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

### c)Lingua e sociedade

#### 1º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

- A diversidade lingüística no mundo e no estado Español.

##### ♣Contidos procedementais

- Uso das TIC para a busca de información que permita completar nun mapa a distribución das linguas de Europa e do estado Español.
- Debate sobre a importancia da existencia de múltiples linguas no planeta:un grupo defende o punto de vista do uniformismo e outro o da ecoloxía lingüística.

##### ♣Contidos actitudinais

- Valorar a pluralidade lingüística como un factor de enriquecemento cultural e como reflexo da identidade dos pobos e dos individuos.

#### 2º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

- Linguas en contacto: o conflito lingüístico. Causas e consecuencias.

##### ♣Contidos procedementais

- Observación das consecuencias do conflito lingüístico castelán-galego no seu contorno máis próximo:casa, instituto, barrio, vila.
- Debate en gran grupo sobre temas de sociolingüística

-Lectura e análise de textos de sociolingüística.

♣Contidos actitudinais

-Abandono dos prexuízos lingüísticos propios e contribución ao rexeitamento daqueles que se puidesen encontrar nas persoas do noso círculo de relacións.

-Actitude de compromiso lingüístico co idioma propio como a mellor maneira de colaborar coa defensa do galego nunha situación de contacto de linguas como a que se vive en Galicia.

### **3º trimestre**

♣Contidos conceptuais

-Niveis e rexistros.

♣Contidos procedementais

-Observación e análise das características máis salientables dos diferentes niveis e rexistros do galego tanto en textos orais como escritos.

-Buscar equivalencias cultas de palabras ou expresións vulgares e viceversa.

♣Contidos actitudinais

-Valorar a riqueza que aportan a unha lingua as variedades sociais e situacionais e entendelas non como un mal uso do estándar, senón como unha maneira de comunicarse que ofrece a lingua en determinadas circunstancias.

-Comprensión do estándar como unha variedade máis que serve para unificar a todos os falantes dun idioma en determinadas situacións.

-Uso da variedade adecuada en cada momento, sen caer no erro de corrixir dialectalismos ou coloquialismos cando se está a usar unha variedade non estándar.

### **d)Educación literaria.**

#### **1º trimestre**

♣Contidos conceptuais

-Que é a literatura?

-A linguaxe literaria: os recursos literarios.

-A literatura popular e a culta

-Os xéneros literarios: o teatro.

♣Contidos procedementais

-Presentar dous textos de temática parecida, un literario e outro non, para analizar as

características da linguaxe literaria.

-Buscar exemplos da vida diaria (frases feitas, chistes...) que utilicen os recursos literarios explicados para que se comprendan máis facilmente.

-Compoñer pequenas frases ou textos con recursos literarios, un bo medio para conseguir unha expresión propia e orixinal fronte ao uniformismo e pobreza que adoita ter a linguaxe dos máis novos.

-Recollida de mostras de literatura popular no seu contorno: cantigas, refráns, lendas... e lectura en gran grupo.

-Introdución aos xéneros literarios a través da lectura e análise dos seus trazos máis significativos.

-Buscar na biblioteca do centro tres obras ou tres fragmentos pertencentes a cada un dos xéneros : despois, na aula, explicar os trazos característicos de cada xénero partindo do libro ou fragmento elixido.

-Charla na aula sobre os libros lidos e o xénero ao que pertencen; reflexionar sobre cal é o xénero que len con preferencia.

-Transformar un texto narrativo noutro poético ou dramático ou viceversa.

-Lectura, análise e dramatización de pequenos fragmentos teatrais.

-Asistencia a algunha representación teatral .

#### ♣Contidos actitudinais.

-Aprecio pola tradición literaria popular do galego.

-Valoración da literatura como forma de expresión dun pobo.

-Gusto polo aspecto máis social da literatura: asistir a representacións dramáticas...

## **2º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-Xéneros literarios: a narrativa. Concepto, estrutura, elementos, subxéneros.

-O cómic, outra linguaxe estética.

#### ♣Contidos procedementais

-Lectura expresiva, comprensión e análise de textos narrativos.

-Audición de textos narrativos.

-Produción de breves textos narrativos seguindo unhas pautas dadas.

-Lectura, intercambio e elaboracións de cómics.

#### ♣Contidos actitudinais

-Interese pola lectura de textos narrativos e a produción de textos propios

-Gusto por compartir lecturas e opinións sobre as mesmas.

-Aprecio da forma narrativa como un modo de elocución moi habitual.

## **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-Xéneros literarios: a poesía. O ritmo e a rima. Métrica. Estrofas.

#### ♣Contidos procedementais

-Lectura expresiva e comprensiva de textos poéticos.

-Audición de poemas recitados ou cantados.

-Análise métrica de poesías.(Incluír algunhas das que os alumnos adoitan levar escritas nos cadernos)

-Produción de textos poéticos propios (seguindo determinadas pautas) para aplicar os coñecementos adquiridos

#### ♣Contidos actitudinais

-Valoración da poesía como forma de expresión estética dos propios sentimentos

-Gusto pola lectura de textos poéticos.



## **2ºESO**

### **a)Comunicación oral e escrita.**

#### **1º trimestre**

##### **♣Contidos conceptuais**

- Os textos expositivos: o traballo monográfico, a conferencia, resúmenes, esquemas, exames, informes, currículos...

##### **♣Contidos procedementais**

-Actividades de lectura, audición e comprensión de textos expositivos.

-Actividades de análise de textos expositivos.

-Actividades de produción oral e escrita de textos expositivos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

##### **♣Contidos actitudinais**

-Interese pola produción propia de textos expositivos coherentes, adecuados e correctos.

#### **2º trimestre**

##### **♣Contidos conceptuais**

-Os textos argumentativos: a reclamación, a instancia...

##### **♣Contidos procedementais**

-Actividades de lectura, audición e comprensión de textos argumentativos.

-Actividades de análise de textos argumentativos.

-Actividades de produción oral e escrita de textos argumentativos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

##### **♣Contidos actitudinais**

-Interese pola produción propia de textos argumentativos coherentes, adecuados e correctos.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Os textos prescritivos: manuais, receitas, prospectos...

#### ♣Contidos procedementais

- Actividades de lectura e comprensión de textos prescritivos.
- Actividades de análise de textos prescritivos.
- Actividades de produción oral e escrita de textos prescritivos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese pola produción propia de textos prescritivos coherentes, adecuados e correctos.

## **b)Funcionamento da lingua**

### **1º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- O artigo
- O pronome: demostrativo, posesivo, persoal, cuantificadores , identificadores, exclamativos, interrogativos e relativos.
- O acento. Os tiles diacríticos.
- Campos semánticos: animais e plantas.

#### ♣Contidos procedementais

- Identificar e clasificar os artigos e pronomes dun texto.
- Aplicar as normas de acentuación explicadas a través de diferentes exercicios : ditados, busca de parellas de palabras con e sen til diacrítico...
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado cos animais e as plantas.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.

- Interese por mellorar o uso do acento, especialmente o diacrítico.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

## **2º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

- O adverbio.
- Grupos consonánticos.
- Campos semánticos: o lecer e as afeccións

### ♣Contidos procedementais

- Identificar e clasificar os adverbios dun texto.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos a través de diferentes exercicios : ditados, completar ocos...
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado co lecer e as afeccións.

### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- Interese por usar correctamente os grupos consonánticos.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

## **3º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

- Preposicións e conxuncións
- As abreviaturas e siglas.
- Campos semánticos: O tempo cronolóxico e meteorolóxico.

### ♣Contidos procedementais.

- Identificar as preposicións e conxuncións dun texto.
- Utilizar correctamente as abreviaturas e siglas a través de diferentes exercicios : ditados, completar ocos...
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado co tempo cronolóxico e meteorolóxico

### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- Interese por usar adecuadamente as siglas e as abreviaturas máis frecuentes.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

## c)Lingua e sociedade

### -1º trimestre

#### ♣Contidos conceptuais

- O prestixio social das linguas:linguas internacionais e minorizadas.

#### ♣Contidos procedementais

- Uso das TIC para a busca de información que permita completar nun mapa as distintas linguas minorizadas e internacionais de Europa e do estado Español.
- Debate en gran grupo sobre temas de sociolingüística
- Lectura e análise de textos de sociolingüística.
- Comparación da situación doutras linguas minorizadas coa do galego:prestixio social, niveis de coñecemento e uso...

#### ♣Contidos actitudinais

- Conciencia de que a maioría das linguas do planeta están en perigo de extinción pola presión doutras máis fortes.
- Conciencia de que o galego é unha lingua minorizada e de que todo falante comprometido debe ser un usuario normal do seu idioma, contribuindo ao, labor normalizador das institucións e doutros grupos sociais.
- Comprensión de que o distinto prestixio social da linguas radica en factores extralingüísticos; desde posturas estritamente lingüísticas , todas as linguas son iguais.
- Sensibilidade cara aos esforzos normalizadores das linguas minorizadas, sexan individuais ou colectivos.

### -2º trimestre

#### ♣Contidos conceptuais.

- A situación sociolingüística da Galicia actual: niveis de coñecemento e uso dos dous idiomas en contacto, actitudes lingüísticas...
- O marco legal.

#### ♣Contidos procedementais

- Realización de actividades como enquisas, etc para valorar a situación sociolingüística nun determinado individuo, familia, grupo de amigos, centro, vila...comparándoa cos datos xerais da realidade social galega.
- Comprobación do grao de cumprimento da lexislación lingüística no centro

#### ♣Contidos actitudinais

-Reivindicación dos dereitos lingüísticos en situacións de conflito: dereito a expresarse, ser educado e atendido no propio idioma.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-As variedades xeográficas do galego.

#### ♣Contidos procedementais

-Interpretación e actividades sobre mapas dialectais.

-Análise das características de textos dialectais orais e escritos.

-Recollida de textos orais de diferentes variedades xeográficas e lograr localizalos nun determinado bloque e área.

-Intercambios lingüísticos con falantes procedentes doutras variedades.

#### ♣Contidos actitudinais

-Uso da propia variedade xeográfica nas situacións adecuadas e respecto polas demais.

-Valorar a riqueza que aportan a unha lingua as variedades xeográficas e entendelas non como un mal uso do estándar, senón como unha maneira de comunicarse que ofrece a lingua en determinadas circunstancias.

-Comprensión do estándar como unha variedade máis que serve para unificar a todos os falantes dun idioma en determinadas situacións.

-Uso da variedade adecuada en cada momento, sen caer no erro de corrixir dialectalismos ou coloquialismos cando se está a usar unha variedade non estándar.

### **d)Educación literaria.**

#### **1º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-O teatro: compoñentes e estrutura do texto dramático.

-A representación e a interpretación teatral.

-Subxéneros teatrais: comedia , traxedia e drama.

#### ♣Contidos procedementais

-Establecer un coloquio cos alumnos sobre as súas experiencias como espectadores de teatro.

-Lectura e representación de fragmentos teatrais, ou se fose posible, dunha obra

completa de extensión reducida.

-Asistencia a algunha representación teatral. Logo completar unha ficha cos seguintes datos:

Argumento:

Estrutura:

Forma de discurso:

Personaxes:

Escenografía (decorados, luz, son...):

Interpretación (expresión oral e xestos):

Subxénero:

#### ♣Contidos actitudinais

-Gusto polo feito teatral: lectura e asistencia a representacións.

### **2º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-A Poesía: repaso da versificación e recursos literarios. Poemas e estrofas máis frecuentes.

-Poesía épica e lírica.

-Lírica popular e culta

- A canción

#### ♣Contidos procedementais

-Lectura expresiva e comprensiva de textos poéticos.

-Audición de poemas recitados ou cantados.

-Análise métrica de poesías.

-Comparación da métrica e a linguaxe usadas na lírica culta e popular

-Audición e análise e de cancións actuais: recursos retóricos, rima, ritmo...

-Produción de textos poéticos propios (segundo determinadas pautas) para aplicar os coñecementos adquiridos.

#### ♣Contidos actitudinais

-Valoración da poesía como forma de expresión estética dos propios sentimentos

-Gusto pola lectura de textos poéticos.

-Valoración da lírica popular como unha das mellores formas de coñecer a identidade dun pobo.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-A narrativa: estrutura, elementos

-Narrativa popular e culta.

#### ♣ Contidos procedementais

- Lectura expresiva, comprensión e análise de textos narrativos cultos e populares
- Audición de textos narrativos.
- Produción de breves textos narrativos seguindo unhas pautas dadas.
- Recollida de lendas da bisbarra: explicar como se conseguiron, contalas con expresividade, clasificalas segundo o seu tipo.

#### ♣ Contidos actitudinais

- Interese pola lectura de textos narrativos e a produción de textos propios
- Gusto por compartir lecturas e opinións sobre as mesmas.
- Aprecio da forma narrativa como un modo de elocución moi habitual.
- Valoración dos contos e lendas populares como unha das mellores formas de coñecer a identidade dun pobo.

## 3ºESO

### a)Comunicación oral e escrita.

#### 1º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

-Textos dos medios de comunicación (prensa, radio, televisión):entrevistas , noticias, crónicas, reportaxes.

##### ♣Contidos procedementais

-Actividades de lectura, audición e comprensión de textos dos medios de comunicación.  
-Actividades de análise de textos dos medios de comunicación.  
-Actividades de produción oral e escrita de textos pertencentes aos medios de comunicación, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas, axudándose das TIC.

##### ♣Contidos actitudinais

-Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos procedentes das entrevistas, noticias, reportaxes e crónicas.  
-Comunicación asertiva á hora de formular e reaccionar a críticas.  
-Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos) nas intervencións orais planificadas.  
-Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

#### 2º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

-Textos expositivos e instrutivos do ámbito académico:traballos monográficos, instrucións para a realización de tarefas, dicionarios, enciclopedias, webs educativas...

##### ♣Contidos procedementais

-Actividades de lectura, audición e comprensión de textos expositivos e instrutivos do ámbito académico .  
-Actividades de análise de textos expositivos e instrutivos do ámbito académico  
-Actividades de produción oral e escrita de textos expositivos e instrutivos do ámbito académico , primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis



abertas, axudándose das TIC.

#### ♣Contidos actitudinais

- Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos) nas intervencións orais planificadas.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas coas persoas que nos rodean.
- Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Textos do ámbito das relacións sociais:actas de reunións, solicitudes, regulamentos.

#### ♣Contidos procedementais

- Actividades de lectura e comprensión de textos do ámbito das relacións sociais .
- Actividades de análise de textos do ámbito das relacións sociais
- Actividades de produción oral e escrita de textos do ámbito das relacións sociais , primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas, axudándose das TIC.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

## **b)Funcionamento da lingua**

### **1º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Fonética e Fonoloxía: fonemas vocálicos e consonánticos. A sílaba
- Ortografía:repasso regras de acentuación.
- Léxico: tipos de palabras segundo a forma: simples, derivadas, compostas, parasintéticas. Concepto de familia léxica.  
léxico:a cidade e a aldea

#### ♣Contidos procedementais

- Identificar e clasificar fonemas.
- Realizar exercicios de pronuncia dos fonemas vocálicos medios semiabertos e semipechados.
- División de palabras en sílabas, especialmente aquelas que conteñan hiatos, ditongos e tritongos.
- Exercicios de repaso das regras de acentuación.
- Actividades de descomposición de palabras en morfemas e de clasificación destas segundo a súa forma.
- Busca de termos pertencentes a distintas familias léxicas.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa cidade e a aldea.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita.
- coidado na pronuncia correcta dos fonemas galegos, especialmente os vocálicos de grao medio.
- Interese por usar adecuadamente as regras de acentuación.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa.

### **2º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Sintaxe: concepto. Categorías sintácticas. Relacións conectivas e funcionais. A frase ou sintagma. Tipos de frases.
- Ortografía: repaso das principais regras ortográficas.
- Léxico: tipos de palabras segundo a súa evolución fonética: patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- léxico: termos relacionado coa Internet.

#### ♣Contidos procedementais

- A través dunha sinxela análise sintáctica, explicar a distinción entre categorías e funcións ata o nivel da palabra.
- Establecer semellanzas entre as relacións sintácticas con outro tipo de relacións da vida cotiá.
- Análise sintáctica de diferentes tipos de frases.
- Actividades de léxico que permitan recoñecer a diferenza entre palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- Formación de palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos a partir de étimos dados.
- Localización de fenómenos propios da evolución da lingua galega en palabras patrimoniais.
- Diferenciación de dobles.

- Exercicios de repaso das regras ortográficas.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa Internet.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita..
- Interese por usar adecuadamente as regras ortográficas.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa, así como curiosidade pola súa evolución histórica.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- A cláusula simple. Tipos de cláusulas segundo a súa estrutura e a natureza do predicado. As perífrases verbais.
- Ortografía:repaso dos signos de puntuación.
- Léxico: tipos de palabras segundo a súa orixe.
- léxico das afeccións: a música, a natación, o alpinismo....

#### ♣Contidos procedementais

- Actividades de análise e clasificación de cláusulas simples.
- Exercicios de identificación de perífrases como núcleo do predicado
- Exercicios de repaso do uso dos signos de puntuación.
- Uso do dicionario para descubrir a a orixe de determinadas palabras, especialmente as moi habituais.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coas afeccións.

#### ♣Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua oral e escrita..
- Interese por usar adecuadamente os signos de puntuación.
- Interese en ampliar o propio vocabulario e usalo de maneira precisa, así como curiosidade pola súa procedencia.

### **c)Lingua e sociedade**

## **1º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

- Un estado plurilingüe. Formación, expansión e situación sociolingüística das linguas peninsulares.
- Historia social do galego ata o século XIX

### ♣Contidos procedementais

- Reflexión sobre a situación das linguas do estado Español mediante o manexo e interpretación de mapas, textos e información dos medios de comunicación e as TIC.
- Análise e comprensión das principais etapas da historia social do galego desde a súa orixe ata o século XIX co manexo de textos da época e información dos medios de comunicación e as TIC.

### ♣Contidos actitudinais

- Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Valoración da lingua galega como propia de Galicia.
- Interese por coñecer a súa orixe e evolución.
- Conciencia da pertenza do noso idioma á familia lingüística románica en igualdade de condicións coas demais linguas irmás.

## **2º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

- Castelán e galego en contacto: causas e consecuencias. Interferencias.
- Lexislación lingüística

### ♣Contidos procedementais

- Análise e comentario de textos relativos ao fenómeno das linguas en contacto procedentes dos medios de comunicación e as TIC.
- Actividades de recoñecemento e corrección das interferencias lingüísticas máis habituais entre castelán e galego.
- Reflexión e comparación da situación legal das diferentes linguas do Estado.
- Lectura e comentario de textos relativos á legalidade lingüística.
- Análise do grao de cumprimento da lexislación lingüística no contorno próximo

### ♣Contidos actitudinais.

- Conciencia da importancia do uso axeitado da lingua para o desenvolvemento e fixación desta.
- Interese por evitar castelanismos superfluos, utilizando as palabras e expresións galegas

adecuadas.

-Actitude reivindicativa dos dereitos lingüísticos.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-Unidade e variedade da lingua. Niveis e rexistros.

#### ♣Contidos procedementais

-Observación e análise das características máis salientables dos diferentes niveis e rexistros do galego tanto en textos orais como escritos.

-Buscar equivalencias cultas de palabras ou expresións vulgares e viceversa.

-Produción de textos co nivel e rexistro adecuado á situación comunicativa.

#### ♣Contidos actitudinais

-Valorar a riqueza que aportan a unha lingua as variedades sociais e situacionais e entendelas non como un mal uso do estándar, senón como unha maneira de comunicarse que ofrece a lingua en determinadas circunstancias.

-Comprensión do estándar como unha variedade máis que serve para unificar a todos os falantes dun idioma en determinadas situacións.

-Uso da variedade adecuada en cada momento, sen caer no erro de corrixir dialectalismos ou coloquialismos cando se está a usar unha variedade non estándar.

-Valoración dos problemas que poden aparecer na comunicación como consecuencia do uso dun inadecuado rexistro lingüístico.

### **d)Educación literaria.**

#### **1º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-A literatura na Idade Media:contexto histórico-social, xéneros , intérpretes, textos conservados e características da lingua medieval.

#### ♣Contidos procedementais

-Lectura expresiva e comprensiva e máis audición de diferentes tipos de cantigas.

- Comentario lingüístico e literario de diferentes tipos de cantigas.

-Composición de cantigas aplicando os recursos aprendidos.

-Escoitar adaptacións musicais das cantigas medievais.

-Lectura expresiva e comprensiva de prosa medieval.

-Visionamento dalgunha película sobre o ciclo artúrico e reconstrución colectiva do argumento da lenda do rei Artur.

-Adaptación dunha cantiga de Santa María a outros medios: peza teatral, cómic, guión cinematográfico...

♣ Contidos actitudinais

-Recepción da tradición literaria como referencia para a produción de textos propios.  
-Curiosidade pola literatura medieval galego-portuguesa.

## **2º trimestre**

♣ Contidos conceptuais

-A literatura galega nos Séculos Escuros e no Prerrexurdimento

♣ Contidos procedementais

-Lectura expresiva e comprensiva, audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa dos Séculos Escuros e Prerrexurdimento.

-Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais pertencentes aos Séculos Escuros.

-Elaboración de traballos individuais ou en grupo pouco complexos sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego, valéndose dos recursos que ofrece a biblioteca do centro ou as virtuais.

-Visita ao contorno próximo relacionado con Pardo de Cela: a Frouseira, Valadouro, Mondoñedo, Viveiro...

♣ Contidos actitudinais

-Recepción da tradición literaria como referencia para a produción de textos propios.  
-Curiosidade pola literatura dos Séculos Escuros e Prerrexurdimento.

## **3º trimestre**

♣ Contidos conceptuais

-O Rexurdimento: Rosalía de Castro, Curros e Eduardo Pondal.

♣ Contidos procedementais

-Lectura expresiva e comprensiva, audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa de Rosalía, Curros e Pondal.

-Elaboración de traballos individuais ou en grupo pouco complexos sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego, valéndose dos recursos que ofrece a biblioteca do centro ou as virtuais.

♣ Contidos actitudinais

- Recepción da tradición literaria como referencia para a produción de textos propios.
- Curiosidade pola literatura do Rexurdimento e valoración da contribución das tres grandes figuras do período á literatura galega e dos primeiros esforzos por crear unha prosa en lingua galega.

## 4ºESO

### a)Comunicación oral e escrita.

#### 1º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

- Textos publicitarios e de opinión dos medios de comunicación:editoriais, columnas, cartas ao director, debates en radio e televisión, anuncios publicitarios.

##### ♣Contidos procedementais

- Actividades de lectura, audición e comprensión de textos publicitarios e de opinión dos medios de comunicación.
- Actividades de análise de textos publicitarios e de opinión dos medios de comunicación.
- Actividades de produción oral e escrita de textos publicitarios e de opinión dos medios de comunicación, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas, axudándose das TIC.

##### ♣Contidos actitudinais

- Conciencia do papel dos medios de comunicación, como formadores de opinión, na sociedade actual e da necesidade de utilizalos de forma crítica e contrastada.
- Recepción activa ante as mensaxes dos medios de comunicación diferenciando entre opinión e información.
- Actitude reflexiva ante as mensaxes publicitarias.
- Comunicación asertiva á hora de formular e reaccionar a críticas.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos) nas intervencións orais planificadas.
- Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

#### 2º trimestre

##### ♣Contidos conceptuais

- Textos do ámbito académico:presentacións, relatorios, mesas redondas, dicionarios, glosarios...

#### ♣Contidos procedementais

- Actividades de lectura, audición e comprensión de textos do ámbito académico.
- Actividades de análise de textos académicos.
- Actividades de produción oral e escrita de textos do ámbito académico , primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas, axudándose das TIC.

#### ♣Contidos actitudinais.

- Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos) nas intervencións orais planificadas.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas coas persoas que nos rodean.
- Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Textos do ámbito das relacións sociais:contratos, correspondencia institucional e comercial, reclamacións...

#### ♣Contidos procedementais

- Actividades de lectura e comprensión de textos do ámbito das relacións sociais .
- Actividades de análise de textos do ámbito das relacións sociais
- Actividades de produción oral e escrita de textos do ámbito das relacións sociais , primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas, axudándose das TIC.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese pola produción propia de textos coherentes, adecuados e correctos.

### **b)Funcionamento da lingua**

### **1º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais



- A cláusula complexa: nexos e conectores máis usuais.
  - Ortografía: grupos consonánticos.
  - Relacións semánticas: sinonimia, homonimia, polisemia...
- Léxico: A moda e o vestido

#### ♣ Contidos procedementais

- Actividades de análise e clasificación de cláusulas complexas.
- Aplicación da regra de uso dos grupos consonánticos.
- Actividades de recoñecemento e busca de sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa moda e o vestido.

#### ♣ Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua
- Gusto por ampliar o propio vocabulario
- Interese por perfeccionar a ortografía.

### 2º trimestre

#### ♣ Contidos conceptuais

- As estruturas coordinadas
  - Repaso : signos de puntuación
  - Palabras tabú e eufemismos
- Léxico: as profesións.

#### ♣ Contidos procedementais

- Actividades de análise e clasificación de estruturas coordinadas.
- Exercicios sobre o uso dos signos de puntuación.
- Actividades de recoñecemento e busca de palabras tabú e correspondentes eufemismos.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa profesións.

#### ♣ Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua
- Gusto por ampliar o propio vocabulario
- Interese por perfeccionar a ortografía.

### 3º trimestre

#### ♣ Contidos conceptuais

- A oración. Concepto. Tipos. Conectores de causa e consecuencia, condición e hipótese...
- Ortografía: siglas, acrónimos, abreviaturas.
- Connotación e denotación
- Léxico: a publicidade.

#### ♣ Contidos procedementais

- Actividades de análise e clasificación de oracións.
- Exercicios sobre o uso dos signos de puntuación.
- Distinción de abreviaturas, siglas e acrónimos e recoñecemento dos máis frecuentes.
- Explicación dos usos figurados e literais de determinadas palabras.
- Utilizar o dicionario ou a Internet para completar debuxos e resolver exercicios de definición relativos ao léxico relacionado coa publicidade.

#### ♣ Contidos actitudinais

- Actitude reflexiva no uso da lingua
- Gusto por ampliar o propio vocabulario
- Interese por perfeccionar a ortografía.

### c) Lingua e sociedade

-

#### 1º trimestre

##### ♣ Contidos conceptuais

- Historia social do galego: século XX

##### ♣ Contidos procedementais

- Lectura e análise de textos relativos á diferentes etapas da historia social do galego no século XX.

##### ♣ Contidos actitudinais

- Valorización dos esforzos normalizadores dos diferentes grupos e organizacións que xurdiron durante o século XX.

#### 2º trimestre

#### ♣Contidos conceptuais

-O galego na actualidade: niveis de coñecemento e uso. A normalización lingüística.

#### ♣Contidos procedementais

-Realización de actividades como enquisas, etc para valorar a situación sociolingüística nun determinado individuo, familia, grupo de amigos, centro, vila...comparándoa cos datos xerais da realidade social galega.

-A través das TIC buscar información sobre as principais organizacións adicadas á normalización do idioma así como daquelas que son contrarias.

-Lectura e comentario de textos dos medios de comunicación relativos á situación actual da lingua galega.

#### ♣Contidos actitudinais

-Interese por coñecer a situación sociolingüística actual da lingua galega.

-Reflexión sobre a propia actitude lingüística e conciencia do papel do individuo como axente normalizador.

-Valorización dos esforzos normalizadores da Xunta e de entidades sociais.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

-Unidade e variedade da lingua: Variedades xeográficas.

#### ♣Contidos procedementais

-Interpretación e actividades sobre mapas dialectais.

-Análise das características de textos dialectais orais e escritos.

-Recollida de textos orais de diferentes variedades xeográficas e lograr localizalos nun determinado bloque e área.

-Intercambios lingüísticos con falantes procedentes doutras variedades.

#### ♣Contidos actitudinais

-Uso da propia variedade xeográfica nas situacións adecuadas e respecto polas demais.

-Valorar a riqueza que aportan a unha lingua as variedades xeográficas e entendelas non como un mal uso do estándar, senón como unha maneira de comunicarse que ofrece a lingua en determinadas circunstancias.

-Comprensión do estándar como unha variedade máis que serve para unificar a todos os falantes dun idioma en determinadas situacións.

-Uso da variedade adecuada en cada momento, sen caer no erro de corrixir dialectalismos ou coloquialismos cando se está a usar unha variedade non estándar.

## **d)Educación literaria.**

### **1º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

-A literatura galega de 1900 a 1936.

#### **♣Contidos procedementais**

-Lectura expresiva e comprensiva , audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da literatura de principios do século XX..

-Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais da etapa anterior á guerra.

-Elaboración de traballos individuais ou en grupo pouco complexos sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego, valéndose dos recursos que ofrece a biblioteca do centro ou as virtuais.

-Visita aos lugares mindonienses relacionados con Noriega Varela.

#### **♣Contidos actitudinais**

-Curiosidade polo labor literario dos representantes da xeración do 16 e do Grupo Nós.

-Gusto pola expresión poética vangardista.

### **2º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

-A literatura da posguerra.

#### **♣Contidos procedementais**

-Lectura expresiva e comprensiva , audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da posguerra.

-Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais pertencentes á posguerra.

-Elaboración de traballos individuais ou en grupo pouco complexos sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego, valéndose dos recursos que ofrece a biblioteca do centro ou as virtuais.

-Visita aos lugares mindonienses relacionados con Cunqueiro.

#### **♣Contidos actitudinais**

- Recoñecemento da débeda cultural cos países latinoamericanos desde os cales se puido manter viva a cultura galega nos anos de represión do réxime franquista.
- Interese no coñecemento das principais figuras da poesía e narrativa da posguerra

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Poesía, narrativa e teatro actual.

#### ♣Contidos procedementais.

- Lectura expresiva e comprensiva , audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da literatura galega actual.
- Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais actuais.
- Elaboración de traballos individuais ou en grupo pouco complexos sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego, valéndose dos recursos que ofrece a biblioteca do centro ou as virtuais.
- Visita aos lugares mindonienses relacionados con Cunqueiro.
- Asistencia a unha charla ou conferencia dun autor actual na que os alumnos preguntaran posibles dúbidas que quedaran sen resolver na aula ou verificarán o acertado ou non das súas opinións.
- Asistencia, se hai ocasión, a unha representación dunha obra teatral actual.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese por coñecer o panorama literario actual.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

-Comprensión, análise e produción oral e escrita de textos dialogados, narrativos e descritivos.

#### **b)Funcionamento da lingua**

- Identificar os substantivos e adxectivos dun texto e clasificalos semanticamente.
- Aplicar e formular correctamente as regras de flexión de xénero e número nos substantivos e adxectivos.
- Recoñecer que tipo de nome é un proposto segundo a maneira de formar o xénero ou o número.
- Usar correctamente as estruturas comparativas e superlativas.
- Recoñecer o tempo e modo verbal.
- Conxugar correctamente verbos regulares, e irregulares máis frecuentes.
- Explicar a acentuación de determinadas palabras.
- Acentuar correctamente.
- Explicar o uso dos signos de puntuación nun texto.
- Puntuar correctamente un fragmento.
- Utilizar adecuadamente as grafías B e V; H; S e X; R e RR; G, GU e G; C, Z e QU
- Recoñecer o significado das palabras relacionadas cos seguintes campos semánticos:a casa (interior e exterior), o corpo humano, a vestimenta.

#### **c)Lingua e sociedade**

- Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno da península.
- Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Coñecer as características dos diferentes niveis e rexistros da lingua.

#### **d)Educación literaria.**

- Identificación dos trazos da lingua literaria nun texto.
- Producción de pequenos textos literarios.
- Identificación dos principais xéneros e recursos literarios.
- Declamación de textos poéticos.
- Interpretación e posta en escena de textos dramáticos breves.
- Identificación dos elementos dun texto narrativo.

## **2ºESO**

### **a)Comunicación oral e escrita.**

- Comprensión, análise e produción oral e escrita de textos expositivos, argumentativos e prescritivos.

### **b)Funcionamento da lingua**

- Identificar os artigos, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións e saber clasificalos.
- Explicar a acentuación de determinadas palabras.
- Acentuar correctamente, especialmente os casos de tiles diacríticos.
- Usar adecuadamente os grupos consonánticos.
- Utilizar abreviaturas e siglas máis frecuentes.
- Recoñecer o significado das palabras relacionadas cos seguintes campos semánticos:animais, plantas, o lecer e as afeccións, o tempo meteorolóxico e cronolóxico.

### **c)Lingua e sociedade**

- Entender as causas que provocan o distinto prestixio social da linguas, os conceptos de linguas internacionais e minorizadas e coñecer de que status social gozan as linguas do contorno peninsular e europeo máis próximo.
- Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Saber cal é a lexislación lingüística vixente no estado Español e na Comunidade Autónoma.
- Coñecer as características das variedades dialectais da da lingua.

### **d)Educación literaria.**

- Análise e interpretación, de textos literarios adaptados á idade dos alumnos pertencentes a calquera dos tres xéneros.
- Identificación dos trazos da lingua literaria nun texto.
- Producción de pequenos textos literarios.
- Identificación dos principais xéneros e recursos literarios.
- Declamación de textos poéticos.
- Interpretación e posta en escena de textos dramáticos breves.

- Identificación dos elementos e estrutura dun texto narrativo.
- Diferenciar entre poesía e narrativa culta e popular

### **3ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

- Comprensión, análise e produción de textos pertencentes aos ámbitos social, académico e dos medios de comunicación seguindo os modelos vistos na aula.

#### **b)Funcionamento da lingua**

- Identificar e pronunciar correctamente os fonemas vocálicos e consonánticos do galego.
- Segmentar adecuadamente en sílabas.
- Uso correcto das regras de acentuación , letras e signos de puntuación.
- Clasificación das palabras segundo a forma , orixe e evolución fonética.
- Busca de palabras dunha determinada familia léxica.
- Análise sintáctica de frases e cláusulas simples.
- Recoñecer o significado e usar adecuadamente as palabras relacionadas cos seguintes campos semánticos:a cidade e a aldea, a Internet, as afeccións.

#### **c)Lingua e sociedade**

- Saber cales son as linguas do estado español e coñecer a súa situación.
- Explicar as etapas de formación da lingua galega desde a súa orixe ata o século XIX .
- Explicar o concepto de diglosia e as causas que provocan as situacións de contacto de linguas.
- Recoñecemento das interferencias lingüísticas castelán -galego
- Coñecer o marco legal da lingua galega.
- Diferenciar e usar adecuadamente os niveis e rexistros da lingua.

#### **d)Educación literaria.**

- Explicar o contexto histórico-social que orixina a lírica medieval así como os seus autores e intérpretes e os códices nos que se conserva.
  - Explicar o contexto histórico-social dos Séculos Escuros e as principais características da produción literaria deste período.
  - Explicar as circunstancias que determinan o Prerrexurdimento e os autores máis representativos.
  - Definir Rexurdimento e coñecer os seus trazos culturais e literarios.
  - Comentario ou análise de determinados aspectos lingüísticos, literarios ou socio-culturais de cantigas de calquera dos tres xéneros.
  - Comentario dunha cantiga de Santa María.
- 
- Explicar os principais trazos definidores da vida e obra de Rosalía de Castro, Curros e Pondal.



-Realizar un comentario ou análise de determinados aspectos lingüísticos, literarios ou socio-culturais dun texto rosaliano, de Curros ou de Pondal.

## **4ºESO**

### **a)Comunicación oral e escrita.**

-Comprensión, análise e produción de textos pertencentes aos ámbitos social, académico e dos medios de comunicación seguindo os modelos vistos na aula.

### **b)Funcionamento da lingua**

- Análise sintáctica de cláusulas complexas, estruturas coordinadas e oracións.
- Uso correcto dos signos de puntuación, grupos consonánticos, siglas, abreviaturas e acrónimos.
- Identificar as palabras tabú e os correspondentes eufemismos.
- Comprender o sentido figurado e literal de determinadas palabras dun fragmento.
- Compor textos usando eufemismos e connotación.
- Analizar os procedementos de cohesión textual baseados nas relacións semánticas.
- Achegar palabras sinónimas, antónimas...douttras dadas.
- Clasificar palabras segundo a relación semántica.
- Recoñecer o significado e usar adecuadamente as palabras relacionadas cos seguintes campos semánticos:a moda e o vestido, as profesións e a publicidade.

### **c)Lingua e sociedade**

- Coñecer as principais etapas da historia social do galego no século XX.
- Coñecer e ser capaz de comentar un texto relativo á situación sociolingüística actual.
- Recoñecer, analizar e usar adecuadamente as variedades xeográficas da lingua da lingua.

### **d)Educación literaria.**

- Explicar o contexto histórico de cada unha das etapas da literatura galega do século XX.
- Explicar as características literarias de cada unha destas etapas.
- Coñecer as características das obras máis representativas dos autores galegos máis destacados do século XX e actualidade.
- Análise de textos poéticos, narrativos, teatrais ou ensaísticos dos principais autores da literatura galega do século XX e actualidade.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

### **1ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

-Os textos dialogados, narrativos e descritivos.

#### **b)Funcionamento da lingua**

-O nome: xénero, número grao.

-O verbo: constituíntes, tempos e modos . O verbo regular.

-O alfabeto. Uso das maiúsculas. Uso das seguintes grafías:B e V; H; S e X; R e RR; G, GU e G; C, Z e QU

-O acento. Regras xerais.

-Signos de puntuación: o punto, a coma, os dous puntos, as parénteses.

-Campos semánticos: a casa (interior e exterior), o corpo humano, a vestimenta.

#### **c)Lingua e sociedade**

-A diversidade lingüística na península Ibérica.

-Causas e consecuencias das situacións de linguas en contacto.

-Características dos niveis e rexistros do galego.

#### **d)Educación literaria.**

-Concepto de literatura.

-Recursos literarios máis frecuentes.

-Características da narrativa, poesía e teatro.

### **2ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

-Os textos expositivos, argumentativos e prescritivos.

#### **b)Funcionamento da lingua.**

- Identificación e uso adecuado das seguintes clases de palabras: artigo, pronome persoal, demostrativo, posesivo, adverbios, preposicións.
- O acento. Os tiles diacríticos.
- Grupos consonánticos.
- Campos semánticos: animais e plantas: o lecer e as afeccións, o tempo.

### **c)Lingua e sociedade**

- O diferente prestixio social das linguas: linguas internacionais e minorizadas.
- A situación sociolingüística da Galicia actual: niveis de coñecemento e uso dos dous idiomas e prestixio social dos mesmos.
- Tratamento do galego na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía.
- Características dos bloques dialectais do galego.

### **d)Educación literaria.**

- O teatro:compoñentes e estrutura do texto dramático.
- Subxéneros teatrais: comedia , traxedia e drama.
- Poesía: métrica e subxéneros.
- Narrativa: estrutura, elementos e subxéneros.

## **3ºESO**

### **a)Comunicación oral e escrita.**

- Textos pertencentes aos ámbitos académico, social e dos medios de comunicación: noticias, entrevistas, traballos monográficos, solicitudes.

### **b)Funcionamento da lingua**

- Fonemas vocálicos e consonánticos. A sílaba.
- Ortografía: regras de acentuación, uso de letras e signos de puntuación.
- Clasificación das palabras segundo a forma , orixe e evolución fonética.
- Análise sintáctica de frases e cláusulas simples.
- Campos léxicos:a cidade e a aldea, a Internet, as afeccións.

### **c)Lingua e sociedade**

- As linguas do Estado español:orixe , expansión e situación actual.
- Orixe e historia do galego ata o século XIX
- Causas e consecuencias do contacto galego-castelán
- Lexislación lingüística: Constitución Española, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística.
- Concepto de unidade e variedade da lingua
- Características dos niveis e rexistros do galego.

#### **d)Educación literaria.**

- Xéneros, autores, intérpretes e textos conservados da literatura galego-portuguesa medieval
- Características , autores e obras máis representativos dos Séculos Escuros.
- Características das obras máis salientables de Rosalía de castro, Curros e Pondal.

### **4ºESO**

#### **a)Comunicación oral e escrita.**

- Textos pertencentes aos ámbitos académico, social e dos medios de comunicación:cartas ao director, editoriais, contratos, reclamacións,.

#### **b)Funcionamento da lingua**

- Análise sintáctica de cláusulas complexas, estruturas coordinadas e oracións.
- Ortografía: grupos consonánticos e signos de puntuación.
- Conceptos de tabú, eufemismo, connotación e denotación.
- Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia.
- Campos léxicos:a moda e o vestido, as profesións e a publicidade.

#### **c)Lingua e sociedade**

- Etapas da historia social do galego no século XX e actualidade.
- As variedades xeográficas: bloques e áreas.

#### **d)Educación literaria.**

- Características do contexto histórico de Galicia no século XX
- Principais características da obras de Cabanillas.
- Características do grupo Nós e autores máis destacados: Risco, Otero, Castelao.
- Autores e obras máis salientables da poesía e narrativa de posguerra.
- Autores e obras máis salientables da poesía, narrativa e teatro actual.

# **BACHARELATO**

## OBXECTIVOS DA MATERIA POR CURSOS

### 1º BACHARELATO

#### a) Lingua e texto.

##### -Xerais

-Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais , escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.

-Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

-Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

-Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como coñecer o seu tema e a organización da información.

-Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

-Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito , contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua.

-Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e os eu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

-Adquirir un corpus léxico importante , adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

##### -Específicos

-Comprender o concepto de comunicación e identificar os elementos que interveñen en todo acto comunicativo.

-Entender que é un signo e identificar os seus tipos

-Explicar o concepto de signo lingüístico, os seus compoñentes e as súas características.

- Analizar a funcionalidade lingüística.
- Recoñecer a influencia do contexto e a competencia na comunicación.
- Explicar que é un texto, as súas modalidades e propiedades.
- Comprender o concepto de variedade lingüística.
- Explicar e identificar os diferentes tipos de variedades lingüísticas.
- Comprender e explicar o concepto de lingua estándar.
- Establecer relacións e diferenzas entre a lingua falada e a escrita.
- Recoñecer e saber usar as distintas variedades sociais do galego
- Aplicar criterios formais, semánticos e funcionais na identificación de palabras.
- Definir o substantivo e adxectivo atendendo aos tres criterios básicos de identificación.
- Identificar e analizar os constituíntes morfolóxicos do substantivo e adxectivo
- Identificar os tipos de substantivos e adxectivos segundo o criterio semántico
- Coñecer os tipos de substantivos e adxectivos segundo a maneira de formar o xénero e o número.
- Empregar con corrección a flexión de xénero e número do substantivo e adxectivo.
- Recoñecer os graos do adxectivo e utilízalos con corrección.
- Comprender as características e función do artigo.
- Saber usar correctamente e identificar a clase de palabras denominada pronome, os seus distintos tipos, os seus valores especiais, a súa función sintáctica, as súas contraccións
- Coñecer a norma de colocación do pronome átono con respecto ao verbo e aplicala.
- Identificar e analizar os constituíntes morfolóxicos do verbo.
- Coñecer os paradigmas de verbos regulares e os de verbos con irregularidade propia.
- Empregar con corrección as formas dos verbos irregulares así coma os verbos de alternancia vocálica.
- Determinar a función verbal e as clases de verbos.
- Recoñecer e explicar os usos dos tempos e modos verbais.
- Saber usar o infinitivo conxugado.
- Identificar e clasificar perífrases verbais.
- Recoñecer e analizar adverbios en contextos concretos.
- Identificar e clasificar diferentes tipos de nexos.
- Usar con corrección as preposicións, conxuncións
- Enunciar a regra de uso de determinadas conxuncións, preposicións
- Coñecer o valor relacional de preposicións e conxuncións.
- Coñecer as características formais dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.
- Comprender, analizar e producir textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos, orais e escritos,

## **b) A sociolingüística.**

### **-Xerais**

- Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando non fose posible a comunicación na propia.
- Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.
- Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de

prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.

-Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.

-Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

### Específicos

-Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español, valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.

-Definir concepto de multilingüismo, bilingüismo e lingua materna.

-Razoar as causas e consecuencias do multilingüismo

-Recoñecer as linguas da península e os seus trazos distintivos.

-Observar e valorar as relacións de semellanza e as diferenzas entre o galego e o portugués.

-Identificar os trazos que caracterizan o castelán de Galicia.

-Explicar os tipos de cambio lingüístico e os fenómenos relacionados con el.

-Coñecer as circunstancias históricas que influíron no nacemento do galego e os factores e procesos que configuraron a súa historia.

-Entender a contribución do latín na formación da lingua galega.

-Comprender o concepto de variedade lingüística.

-Explicar e identificar os diferentes tipos de variedades lingüísticas.

-Comprender e explicar o concepto de lingua estándar.

-Establecer relacións e diferenzas entre a lingua falada e a escrita.

### **c)A Literatura.**

#### Xerais

-Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...

-Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo.

-Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.

-Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

### Específicos



- Entender os trazos fundamentais do fenómeno literario e as funcións da literatura.
  - Recoñecer e explicar as características propias da linguaxe literaria.
  - Ler, comprender e analizar fragmentos literarios de carácter diverso.
  - Identificar os principais xéneros e subxéneros literarios, e os seus trazos.
- 
- Coñecer acontecementos históricos e literarios de Galicia durante a Idade Media.
  - Comprender os principais trazos da sociedade e mentalidade medieval.
  - Delimitar o ámbito xeográfico e cronolóxico da lírica galega medieval e distinguir autores e intérpretes medievais.
  - Recoñecer trazos diferenciais do galego medieval fronte ao actual.
- 
- Coñecer a orixe e saber explicar os trazos básicos que definen a cantiga de amigo.
  - Ler, interpretar e analizar diversos tipos de cantigas de amigo.
  - Afondar na identificación de marcadores xenéricos, variedades e recursos propios das cantigas de amigo.
- 
- Coñecer os trazos básicos que definen a cantiga de amor.
  - Discriminar a cantiga de amor da cantiga de amigo.
  - Coñecer as orixes da cantiga de amor e entender o código do amor cortés.
  - Afondar na identificación de marcadores xenéricos, características temáticas e recursos propios das cantigas de amor.
  - Explicar os procedementos formais da cantiga de amor.
  - Ler, interpretar e analizar diversas cantigas de amor.
- 
- Coñecer a orixe e valor das cantigas satíricas.
  - Diferenciar os tipos de cantigas satíricas.
  - Coñecer e explicar as características dos xéneros menores das cantigas.
  - Ler, analizar, interpretar e valorar cantigas satíricas significativas.
  - Coñecer o significado, a temática, o estilo e recursos retóricos característicos das cantigas satíricas.
- 
- Comprender e explicar a importancia do labor realizado por Afonso X e a súa corte.
  - Coñecer as principais características tipolóxicas, temáticas, métricas e lingüísticas das *Cantigas de Santa María*.
  - Ler, analizar, interpretar e valorar composicións significativas das *Cantigas de Santa María*.
  - Explicar os condicionantes históricos que marcan a produción da prosa medieval.
  - Reflexionar sobre o valor da prosa medieval de obras técnicas, xurídicas e históricas.
  - Explicar cales eran as manifestacións teatrais na Idade Media
  - Coñecer os ciclos temáticos da prosa literaria medieval.
  - Ler, comprender e interpretar textos representativos da prosa medieval.
- 
- Coñecer o contexto histórico que marca os Séculos Escuros e as razóns que levaron á decadencia literaria do galego.
  - Ler e interpretar textos do período dos Séculos Escuros e recoñecer as manifestacións de carácter culto e popular.
  - Comprender e valorar o labor de personalidades da Ilustración na defensa do galego.

- Coñecer as circunstancias sociais, históricas e culturais que propiciaron o inicio do Rexurdimento.
- Coñecer a evolución do pensamento galeguista.
- Explicar a función dos precursores e coñecer as principais autores e obras.
- Establecer as etapas do Rexurdimento e explicar cales eran os seus obxectivos.

- Coñecer os principais datos da vida e obra de Rosalía de Castro.
- Valorar a importancia e transcendencia da obra de Rosalía de Castro.
- Ler e comprender textos recoñecidos de *Cantares gallegos* e *Follas Novas*.
- Recoñecer e interpretar aspectos formais e temáticos presentes na obra poética de Rosalía.

- Coñecer os principais datos da vida e da obra de Pondal.
- Recoñecer e explicar os principais aspectos formais e símbolos presentes na obra de Pondal.
- Ler, analizar e interpretar poemas de Pondal.
- Coñecer poemas significativos da obra de Pondal e valorar a súa transcendencia.

- Coñecer datos fundamentais da vida e da obra de Curros.
- Ler, analizar e interpretar de forma crítica poemas de Curros.
- Coñecer as liñas temáticas de *Aires da miña Terra*.
- Valorar a importancia e transcendencia da figura literaria de Curros.

- Coñecer autores da época do Rexurdimento e a súa importancia no desenvolvemento da literatura galega deste período.
- Ler, analizar e comprender algúns textos poéticos e prosísticos representativos doutros autores do Rexurdimento.
- Buscar documentación e ampliar coñecementos sobre outros autores do Rexurdimento.
- Coñecer aspectos biográficos e títulos significativos doutros autores do Rexurdimento.

## 2º BACHARELATO

### a) Lingua e texto.

#### -Xerais

-Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais , escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.

-Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

-Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

-Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como coñecer o seu tema e a organización da información.

-Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

-Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito , contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua.

-Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e os eu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

-Adquirir un corpus léxico importante , adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

#### -Específicos

-Comprender os conceptos de coherencia e cohesión textual.

-Saber identificar o aplicar nas producións propias os procedementos máis comúns de coherencia e cohesión textual.

-Comprender os concepto de fonema, alófono e arquifonema

-Saber definir os fonemas vocálicos e consonánticos do galego moderno.

-Coñecer os principais fenómenos que inflúen na alteración da pronuncia das vogais átonas e consoantes

-Distinguir as distintas clases de palabras segundo a súa estrutura formal.

-Coñecer o valor dos prefixos e sufixos máis habituais do idioma.

-Saber realizar análises morfolóxicas.

-Identificar e saber analizar sintacticamente frases, cláusulas e oracións.

-Aprender o concepto de campo semántico e a súa estrutura.

-Diferenciar os conceptos de homonimia e polisemia

-Distinguir entre sinonimia parcial e sinonimia total.

-Diferenciar entre antónimos propiamente ditos, termos recíprocos e termos complementarios.

-Comprender os conceptos de hiponimia, hiperonimia e cohiponimia

-Coñecer as causas que ocasionan os cambios semánticos.

-Saber definir palabras.

## **b) A sociolingüística.**

### Xerais

-Crear condutas de fidelidade lingüística ao propio idioma, isto é, o uso do galego en todas as situacións, ámbitos e funcións posibles, cambiando de lingua unicamente cando non fose posible a comunicación na propia.

-Respecto polo uso da lingua propia en falantes doutras comunidades lingüísticas.

-Valoración de todas as linguas como instrumentos de comunicación e rexeitamento de prexuízos lingüísticos que consideran máis válidas unhas linguas que outras.

-Apreciar o uso e coñecemento doutras linguas diferentes á propia nas situacións e contextos exteriores aos da propia comunidade.

-Respecto por posturas lingüísticas non coincidentes coa propia.

### Específicos

-Comprender os conceptos de unidade e variedade interna das linguas.

-Coñecer o territorio xeográfico que ocupa o idioma galego.

-Identificar os principais fenómenos dialectais da nosa lingua así como os bloques e as áreas lingüísticas a que pertencen.

-Recoñecer e saber usar as distintas variedades dialectais do galego.

-Saber as funcións sociais das linguas

-Coñecer as causas e consecuencias máis importantes das situacións de contacto de linguas: conflito lingüístico, interferencias, prexuízos....

-Coñecer a historia da creación dun estándar para a lingua galega

-Identificar as interferencias e desviacións da norma máis frecuentes

-Coñecer os esforzos institucionais e non institucionais en favor da recuperación de ámbitos de uso da lingua galega.

-Reflexionar acerca das perspectivas de futuro do noso idioma.

-Coñecer a historia externa do galego do século XX e inicios do XXI

## **c)A Literatura.**

### Xerais

-Incorporar a literatura á vida cotiá, non só como lectura silenciosa, senón tamén a través de actividades de maior relación social: ir ao teatro ou ao cinema, asistir a conferencias, tertulias sobre literatura...

-Incorporar a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo.

-Adquisición dunha competencia literaria non só como comprensión das técnicas literarias e convencións que fan substancialmente diferentes os textos literarios doutros máis funcionais e o aprecio do seu valor significativo e estético, senón tamén como desenvolvemento das propias capacidades de expresión incorporando aos textos propios os recursos aprendidos.

-Configurar a personalidade literaria do alumno para que sexa capaz de decidir que, como e cando prefire ler.

### Específicos

-Comprender o labor levado a cabo polos representantes da xeración do 16 ou das Irmandades no desenvolvemento da literatura galega.

-Estudar as principais contribucións dos homes de Nós á literatura galega.

-Analizar e coñecer os elementos característicos da poesía de vangarda.

-Coñecer as principais contribucións á literatura galega no exilio

-Coñecer os principais autores e obras da poesía, narrativa e teatro de posguerra

-Coñecer as contribucións das máis destacadas figuras da literatura galega actual á poesía, narrativa e teatro.

## CONTIDOS:SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 1ºBACHARELATO

#### a)Lingua e texto.

##### 1º trimestre

###### ♣Contidos conceptuais

- Comunicación e linguaxe:elementos que interveñen no acto comunicativo. Os signos. A comunicación humana: lingua e fala. O signo lingüístico. Funcionalidade lingüística. Disciplinas lingüísticas.
- Texto:definición, tipos e propiedades textuais.
- A palabra e as súas clases. Criterio formal ou morfolóxico, semántico e funcional.
- Substantivo e adxectivo.

###### ♣Contidos procedementais

- Análise en diferentes textos, orais e escritos, dos elementos que interveñen na comunicación e das situacións e intencións comunicativas que os provocaron, funcións da linguaxe, etc.
- Identificación e análise de diferentes tipos de signos.
- Construción de textos seguindo unhas determinadas pautas: intención comunicativa, contexto extralingüístico, código...
- Identificación de tipoloxías textuais.
- Actividades sobre as propiedades textuais.
- Identificar e clasificar os nomes dun texto.
- Clasificación de adxectivos e substantivos de acordo co seu significado.
- Formación de femininos e plurais a partir de nomes ou frases previas.
- Sinalar o xénero de substantivos sen flexión a través do artigo ou outros procedementos de concordancia.
- Formación de estruturas comparativas.
- Formación de superlativos.

###### ♣Contidos actitudinais

- Interese pola contrución de textos propios adecuados ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
- Respecto polas normas básicas de conducta que rexen o intercambio comunicativo.
- Utilizar correctamente os recursos aprendidos para que as propias comunicacións funcionen de maneira óptima.

## **2º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

- Unidade e variedade das linguas:Niveis e rexistros.
- Textos narrativos e descritivos.
- Clases de palabras: o artigo e o pronome (persoal, demostrativo, posesivo, relativos interrogativos, exclamativos, identificadores, cuantificadores).

### ♣Contidos procedementais

- Lectura e comentariode textos representativos de distintas variedades sociais.
- Distinción do valor da presenza ou ausencia do artigo en enunciados concretos.
- Aplicación das contraccións de artigos e pronomes determinantes esixidas pola norma.
- Identificar e clasificar os pronomes dun texto.
- Análise morfolóxica, sintáctica e semántica do pronome persoal, demostrativo, posesivo, cuantificadores, identificadores, relativos, interrogativos e exclamativos.
- Escritura de cuantificadores numerais.
- Coñecemento e aplicación das normas de colocación do pronome átono en diferentes tipos de enunciado.
- Localización de relativos, interrogativos e exclamativos.
- Comentar a función sintáctica, valores e usos especiais, colocación, etc dos pronomes dun texto.
- Explicar a colocación dos pronomes persoais átonos dun texto.
- Colocar corrctamente pronomes persoais átonos, explicando esa colocación.
- Actividades de lectura, audición e comprensión de textos descritivos.
- Actividades de análise de textos descritivos.
- Actividades de produción oral e escrita de textos descritivos, primeiro exercicios pautados e simples e, progresivamente , propostas máis abertas.

### ♣Contidos actitudinais

- Valoración da norma lingüística como un medio necesario para a realización dunha comunicación verbal satisfactoria.
- Conciencia da necesidade dun modelo de lingua estándar que unifique as distintas variedades lingüísticas en determinados contextos comunicativos.
- Valoración da riqueza lingüística que supón a existencia das distintas variedades sociais
- Interese pola produción propia de textos descritivos e narrativos coherentes, adecuados e correctos.

### **3º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

- Clases de palabras: o verbo, adverbio, preposicións e conxuncións.
- Textos expositivos e argumentativos.

#### **♣Contidos procedementais**

- Identificación e análise morfolóxica de formas verbais.
- Aplicación correcta do paradigma verbal correspondente a verbos regulares.
- Identificación do vocalismo tónico en determinadas formas verbais.
- Identificación de formas modotemporais e recoñecemento do seu valor.
- Localización e aplicación de perífrases verbais en contextos concretos.
- Estudiar o valor e identificar as formas nominais dun determinado texto.
- Práctica sobre o uso do infinitivo conxugado.
- Identificación e clasificación de adverbios polo seu significado e forma.
- Discriminación de adverbios fronte a outros tipos de palabras.
- Localización e recoñecemento de significados de preposicións e conxuncións.
- Recoñecemento de diferenzas ortográficas e gramaticais relacionadas cos nexos.
- Aplicación de normas de uso de preposicións e conxuncións.

#### **♣Contidos actitudinais**

- Valoración da norma gramatical e aprecio polo seu uso correcto nos textos propios.
- Interese pola produción propia de textos expositivos e argumentativos coherentes, adecuados e correctos.

### **b)A sociolingüística.**

### **1º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística.. Multilingüismo: causa e consecuencias. As familias lingüísticas: a indoeuropea. Estatus das linguas de Europa.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

#### **♣Contidos procedementais**



- Análise e actividades sobre mapas que reflectan a situación lingüística do mundo, Europa e a Península Ibérica.
- Lectura e reflexión sobre textos que traten as dúas posturas básicas sobre a diversidade lingüística: o uniformismo e a ecoloxía lingüística.
- Observación, análise e reflexión sobre diferentes aspectos de multilingüismo.
- Observación de afinidades entre as linguas romances da península.
- Comparación de trazos fonéticos, morfolóxicos e léxicos entre o galego e o portugués
- Ampliación de información sobre o estatus das linguas europeas máis próximas e das linguas do Estado Español a través das TIC
- Busca de información sobre a expansión da lingua portuguesa.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese por coñecer a realidade doutras linguas e valoración positiva cara á competencia plurilingüe.
- Valoración positiva da riqueza plurilingüe da Península Ibérica.
- Interese polo coñecemento das diferentes linguas da península Ibérica e as súas características.

## **2º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Formación e historia da lingua galega: substrato. Superestrato. O estrato latino. Principais evolucións fonéticas do latín ao galego. A lingua galega na Idade Media, Séculos Escuros e Rexurdimento.

#### ♣Contidos procedementais

- Lectura e análises de textos relativos á situación sociolingüística do galego ao longo da súa evolución histórica ata o século XIX:
- Actividades sobre a evolución fonética do latín ao galego: voces patrimoniais, semicultismos, cultismos.
- Actividades de busca (dicionarios, a Internet) da orixe de voces galegas cotiás.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese polo coñecemento e o estudo das orixes e historia da lingua galega.

### **3º trimestre**

#### ♣ Contidos conceptuais

-As linguas e as variedades lingüísticas: unidade e diversidade. Tipos de variedades lingüísticas. A lingua estándar. Lingua oral e lingua escrita.

#### ♣ Contidos procedementais

-Diferenciación entre o concepto de lingua e variedade lingüística.  
-Recoñecemento razoado de tipos de variedades lingüísticas.

#### ♣ Contidos actitudinais

-Valoración da norma lingüística como un medio necesario para a realización dunha comunicación verbal satisfactoria.  
-Respecto polas diferentes variedades da lingua.

### **c) A Literatura.**

#### **1º trimestre**

#### ♣ Contidos conceptuais

-A Literatura: Que é a literatura? Verso e prosa. Métrica. Recursos estilísticos. Xéneros literarios.  
-Introdución á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.  
-A literatura medieval (I): contexto histórico-social. Ámbito xeográfico e cronolóxico da lírica galega medieval. Textos conservados. Autores e intérpretes. A lingua medieval.

#### ♣ Contidos procedementais

-Lectura, análise e interpretación de textos literarios.  
-Identificación de trazos propios da linguaxe literaria presentes nos textos.  
-Recoñecemento de xéneros e subxéneros literarios.  
-Situación cronolóxica de feitos históricos, culturais e sociais da Idade Media.  
-Identificación de trazos da sociedade e cultura medievais nos textos traballados.  
-Lectura de documentos medievais e interpretación de elementos gráficos e morfolóxicos da lingua dese período.

#### ♣ Contidos actitudinais

-Aprecio pola literatura como fonte de coñecemento, de pracer e de enriquecemento

persoal

-Curiosidade cara ao estudo do fenómeno literario e o contexto histórico en que ten lugar.

## **2º trimestre**

### ♣Contidos conceptuais

-A literatura medieval (II): lírica profana e relixiosa. Prosa medieval.

-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración.

### ♣Contidos procedementais

-Identificación da voz poética das cantigas de amigo.

-Recoñecemento de tipos de cantigas de amigo.

-Realización dun comentario literario amplo dunha cantiga de amigo, identificando aspectos temáticos, personaxes, marco ambiental, estrutura formal, expresión.

-Recoñecemento e interpretación das relacións amorosas da lírica trobadoresca.

-Lectura e comentario de cantigas de amor atendendo a aspectos temáticos e formais.

-Valoración da orixinalidade formal e temática dunha cantiga de amor.

-Lectura, análise e interpretación de cantigas de carácter satírico.

-Identificación de temas e recursos formais presentes en cantigas satíricas.

-Busca e ampliación de información sobre a figura de Afonso X.

-Lectura e análise temática e formal de diversas cantigas de Santa María.

-Realización do comentario literario dunha cantiga de Santa María atendendo a aspectos de comprensión, da forma e expresión e da interpretación do contido.

-Lectura e interpretación de textos de prosa medieval.

-Relación de temas e motivos da prosa medieval.

-Investigación sobre os temas artúricos e de cultura clásica.

-Lectura e análise de textos representativos do período dos Séculos Escuros.

-Investigación sobre a castelanización da lingua no período dos Séculos Escuros.

-Relación de feitos históricos que determinaron a marxinación da cultura galega e o inicio do Séculos Escuros.

### ♣Contidos actitudinais

-Aprecio pola literatura como fonte de coñecemento, de pracer e de enriquecemento persoal.

-Curiosidade polo estudo das manifestacións propias da literatura medieval galega.

-Interese por atopar nos textos literarios da Idade Media ideas, reflexións, actitudes relacionadas coa época.

-Interpretación das *Cantigas de Santa María* tendo en conta a mentalidade medieval.

-Curiosidade cara a visión do mundo que se presenta nos textos medievais.

### 3º trimestre

#### ♣Contidos conceptuais

A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

#### ♣Contidos procedementais

- Análise e interpretación de textos representativos dos precursores do Rexurdimento.
- Valoración da situación da lingua galega no período literario do Rexurdimento.
- Lectura comprensiva e análise de textos representativos dos precursores.
- Elaboración de esquemas e liñas de tempo para situar obras, autores e acontecementos culturais importantes no Rexurdimento.

- Lectura e análise comprensiva de textos poéticos recoñecidos de Rosalía de Castro atendendo especialmente a aspectos lingüísticos, temáticos e formais.

- Análise de aspectos formais, métricos e temáticos en poemas de Pondal.
- Lectura e interpretación crítica de poemas de Pondal.
- Ampliación de coñecementos sobre algúns aspectos relacionados coa obra de Pondal.

- Identificación liñas temáticas presentes en poemas de Curros.
- Elaboración dun comentario literario amplo sobre un poema de Curros.

- Análise de diversos textos poéticos de diferentes autores do Rexurdimento.
- Enumeración de obras representativas doutros autores do Rexurdimento.
- Análise crítica dun fragmento do *Catecismo do labrego*.
- Análise dun fragmento dun texto teatral do Rexurdimento de Lugrís Freire.

#### ♣Contidos actitudinais

- Aprecio pola literatura como fonte de coñecemento, de pracer e de enriquecemento persoal.
- Respecto polas figuras literarias de Rosalía de Castro e Curros e valoración da súa obra.
- Curiosidade pola análise e interpretación de poemas de Pondal recoñecidos na nosa literatura
- Valoración positiva do labor dos autores do Rexurdimento na recuperación da literatura galega.

## **2º BACHARELATO**

### **a) Lingua e texto.**

#### **1º trimestre**

##### **♣ Contidos conceptuais**

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. A progresión temática. Tema e rema.
- Fonética e fonoloxía. Descrición de fonemas. Fenómenos de alteración vocálica e consonántica.

##### **♣ Contidos procedementais**

- Análise de procedementos lingüísticos relacionados coas propiedades do texto estudadas e aplicación aos propios textos.
- Exercicios de ortoloxía e ortografía de consoantes e vogais, especialmente das de grao medio.
- Análise de fenómenos de alteración vocálica e consonántica.
- Definición de fonemas.
- Exercicios que familiaricen ao alumnos con aquelas preguntas máis habituais das PAAU relativas ao apartado de "Lingua e texto": tema, estrutura, esquema, resumo, comentario crítico de textos.

##### **♣ Contidos actitudinais**

- Interese e esforzo por producir textos propios coherentes e ben cohesionados
- Interese pola pronuncia coidada das vogais e consoantes.

#### **2º trimestre**

##### **♣ Contidos conceptuais**

- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica

#### ♣Contidos procedementais

- Segmentar palabras nos seus morfemas constitutivos.
- Indicar o significado de prefixos e sufixos en palabras concretas.
- Clasificar palabras segundo a súa estrutura formal

-Exercicios que familiaricen ao alumnos con aquelas preguntas máis habituais das PAAU relativas ao apartado de “Lingua e texto”: tema, estrutura, esquema, resumo, comentario crítico de textos

#### ♣Contidos actitudinais

-Conciencia da importancia de coñecer o valor de sufixos e prefixos para deducir o significado de palabras que poden resultar descoñecidas nun primeiro momento.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Sintaxe:unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica:campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

#### ♣Contidos procedementais

- Análise sintáctica de frases, cláusulas e oracións dun nivel de complexidade adecuado a este curso.
- Estruturar diferentes campos semánticos
- Análise de exemplos de palabras homónimas e polisémicas.
- Establecer as diferencias de significado de distintos pares ou grupos de palabras sinónimas parciais.
- Recoñecemento e aportación de palabras antónimas, hipónimas, hiperónimas, cohipónimas.
- Exercicios que permitan comprender os factores que interveñen no cambio semántico.
- Exercicios de definición de palabras.

-Exercicios que familiaricen ao alumnos con aquelas preguntas máis habituais das PAAU relativas ao apartado de “Lingua e texto”: tema, estrutura, esquema, resumo, comentario crítico de textos

#### ♣Contidos actitudinais

-Interese pola ampliación do propio vocabulario e pola construción de estruturas

sintacticamente correctas.

## **b)A sociolingüística.**

### **1º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

- As variedades dialectais. Bloques e áreas. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

#### **♣Contidos procedementais**

- Trazar nun mapa a fronteira oriental do galego co astur-leonés e a fronteira meridional co portugués.
- Lectura e comentario de textos representativos de distintas variedades sintópicas.
- Gravación e transcrición dun texto correspondente á propia variedade sintópica.
- Lectura e comentario de textos relativos á situación sociolingüística de Galicia durante a etapa 1900-1936

#### **♣Contidos actitudinais**

- Conciencia da necesidade dun modelo de lingua estándar que unifique as distintas variedades lingüísticas en determinados contextos comunicativos.
- Valoración da riqueza lingüística que supón a existencia das distintas variedades xeográficas
- Uso da propia variedade sintópica nos contextos adecuados
- Interese polo coñecemento da historia da lingua propia.

### **2º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

#### **♣Contidos procedementais**

- Análise de diferentes textos e chistes gráficos que reflectan a situación diglósica que vive Galicia.

- Coloquio no que o profesor propoña diferentes prexuízos lingüísticos que os alumnos deben ir rexeitando razonadamente.
- Lectura e comentario de textos relativos á situación sociolingüística de Galicia durante a etapa 1936-1975.

#### ♣Contidos actitudinais

- Conciencia da situación diglósica que vive Galicia.
- Participación en actividades normalizadoras tanto individuais como colectivas como a mellor maneira de contribuír a que o noso idioma non desapareza baixo a presión doutro foráneo.
- Rexeitamento crítico de prexuízos lingüísticos
- Interese polo coñecemento da historia da lingua propia.

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviación da norma.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

#### ♣Contidos procedementais

- Localización , corrección e clasificación de castelanismos e outras desviacións da norma
- Lectura e comentario de textos galegos escritos en diferentes propostas normativas.
- Lectura e comentario dalgúns treitos significativos do libro de Alonso Montero Informe crítico....
- Estudo do nivel de normalización existente no propio ámbito: persoal, académico, familiar...
- Lectura e comentario de textos relativos á situación sociolingüística de Galicia a fins do século XX e comezos do XXI.

#### ♣Contidos actitudinais

- Desexo de depurar o uso do propio idioma de castelanismos innecesarios.
- Conciencia da necesidade dun modelo de lingua estándar que unifique as distintas variedades lingüísticas en determinados contextos comunicativos.
- Interese na colaboración nas actividades normalizadoras realizadas polo Centro
- Interese polo coñecemento da historia da lingua propia.



## **c)A Literatura.**

### **1º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

#### **A literatura do primeiro terzo do século XX**

- A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda
- A prosa: as Irmandades e o grupo Nós: narrativa, ensaio e xornalismo.
- o teatro:Irmandades, Vangardas e o grupo Nós.

#### **♣Contidos procedementais**

- Lectura expresiva e comprensiva , audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da literatura de principios do século XX..
- Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais da etapa anterior á guerra.

#### **♣Contidos actitudinais**

- Curiosidade polo labor literario dos representantes da xeración do 16 e do Grupo Nós.
- Gusto pola expresión poética vangardista.

### **2º trimestre**

#### **♣Contidos conceptuais**

#### **A literatura entre 1936 e 1976**

- A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
- A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas.
- A Nova Narrativa Galega.
- O teatro galego entre 1936 e 1976: a xeración dos cincuenta e o grupo de Ribadavia.
- A literatura no exilio: poesía, prosa e teatro.

#### **♣Contidos procedementais**

- Lectura expresiva e comprensiva , audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da posguerra.
- Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais pertencentes

á posguerra.

#### ♣Contidos actitudinais

- Recoñecemento da débeda cultural cos países latinoamericanos desde os cales se puido manter viva a cultura galega nos anos de represión do réxime franquista.
- Interese no coñecemento das principais figuras da poesía, teatro e narrativa da posguerra

### **3º trimestre**

#### ♣Contidos conceptuais

##### **A literatura de fins do século XX e comezos do XXI**

- Poesía: Temas e autores/as dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- Prosa: Temas e autores/as dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

#### ♣Contidos procedementais

- Lectura expresiva e comprensiva, audición e comentario lingüístico e literario de textos poéticos e en prosa da literatura galega actual.
- Lectura dramatizada e comprensiva e visionamento de fragmentos teatrais actuais.
- Asistencia a unha charla ou conferencia dun autor actual na que os alumnos preguntaran posibles dúbidas que quedaran sen resolver na aula ou verificarán o acertado ou non das súas opinións.
- Asistencia, se hai ocasión, a unha representación dunha obra teatral actual.

#### ♣Contidos actitudinais

- Interese por coñecer o panorama literario actual.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1º BACHARELATO

#### a) Lingua e texto.

- Análise dos elementos que interveñen nun acto comunicativo, escrito ou oral, das situacións e intencións comunicativas que os provocaron e das funcións da linguaxe.
- Construción de textos seguindo unhas pautas relativas aos elementos que interveñen no acto comunicativo: emisor, receptor, contexto...
- Identificación de distintos tipos de signos.
- Explicar o concepto de texto, recoñecer as tipoloxías textuais e as propiedades dos textos.
- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, de forma adecuada, coherente e correcta de acordo cos coñecementos que se supoñen para este nivel.
- Recoñecer e comentar as variedades sociais da lingua en contextos concretos.
- Identificar as clases de palabras aplicando criterios semánticos, morfolóxicos e sintácticos.
- Clasificar substantivos e adxectivos de acordo con criterios semánticos.
- Coñecer conceptos teóricos relacionados co substantivo e adxectivo e aplicar con corrección as normas de flexión de xénero e número.
- Analizar e formar correctamente o grao do adxectivo.
- Coñecer e aplicar as normas de usos do artigo .
- Identificar e explicar as características formais, morfolóxicas e semánticas dos pronomes: persoal, posesivo, demostrativo, cuantificadores, identificadores, relativos, interrogativos e exclamativos.
- Coñecer e aplicar as normas de uso e colocación do pronome persoal. e clasificar diferentes tipos de determinantes.
- Explicar as características morfolóxicas do verbo e realizar análises morfolóxicas de formas verbais.
- Empregar con corrección o paradigma verbal dos verbos regulares, os verbos de alternancia vocálica e a conxugación dos verbos irregulares.
- Recoñecer temas de presente e de perfecto no paradigma dos verbos irregulares.
- Coñecer os usos correctos do infinitivo flexionado e do xerundio.
- Identificar e analizar formas verbais modotemporais.
- Identificar e clasificar perífrases verbais en contextos concretos.
- Explicar o significado de determinadas perífrases verbais atendendo ao contexto.
- Identificar, clasificar e explicar características funcionais dos adverbios e locucións adverbiais.
- Coñecer e usar de forma axeitada á norma as preposicións e conxuncións
- Identificar o valor de preposicións, conxuncións.

-Comprensión, análise e produción oral e escrita de textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.

### **b)A sociolingüística.**

- Explicar o valor da norma lingüística na comunicación.
- Recoñecer e comentar as variedades da lingua en contextos concretos.
- Identificar os usos sociais da lingua.
- Explicar o proceso de formación da lingua galega.
- Enumerar as linguas romances da península Ibérica, recoñecer algúns dos seus trazos característicos e localizar a súa situación xeográfica.
- Explicar trazos e diferenzas significativas entre a lingua galega e a portuguesa
- Coñecer a realidade multilingüe no mundo e reflexionar sobre este feito.
- Analizar as razóns e as consecuencias do multilingüismo.
- Situar nun mapa as linguas de Europa estudadas.
- Comentario de textos relativos á historia do galego.
- Explicar e argumentar a favor ou en contra das dúas posturas existentes sobre a diversidade lingüística.

### **c)A Literatura.**

- Explicar de forma razoada as funcións dos textos literarios.
  - Coñecer os principais recursos estilísticos e identificalos en textos concretos.
  - Identificar e adscribir un texto a un xénero e subxénero concreto.
  - Ler, interpretar e valorar de forma crítica un texto literario.
- 
- Explicar o contexto histórico, social e cultural de Galicia durante a Idade Media.
  - Determinar a importancia de certos feitos históricos e sociais no desenvolvemento da literatura e cultura galega medievais.
  - Ler e comprender documentos medievais identificando trazos característicos do galego deste período
- 
- Saber a orixe da cantiga de amigo, recoñecer e explicar os marcadores xenéricos.
  - Identificar a estrutura formal das cantigas de amigo e coñecer as variedades temáticas.
  - Analizar cantigas de amigo e explicar recursos e símbolos presentes.
- 
- Explicar as orixes da cantigas de amor e o código do amor cortés.
  - Opoñer as características que definen a cantiga de amor fronte a cantiga de amigo.
  - Identificar trazos formais, temáticos e estilísticos da cantiga de amor.
  - Realizar unha análise completa de aspectos temáticos e formais dunha cantiga de amor.
- 
- Explicar que son as cantigas satíricas, a súa función e clasificación.
  - Recoñecer os trazos máis importantes da poesía satírica medieval.
  - Ler, interpretar e analizar cantigas satíricas.
  - Distinguir as cantigas de escarnio das de maldicir.
  - Recoñecer e interpretar parodias e dobres sentidos nas cantigas satíricas.
- 
- Saber do proceso de elaboración, os motivos da súa creación e a transmisión das

### *Cantigas de Santa María.*

- Recoñecer a tipoloxía e temática presentes nalgunhas composicións das *Cantigas de Santa María*.
- Realizar unha lectura e análise comprensiva de diversas composicións pertencentes ás *Cantigas de Santa María*.
- Explicar características métricas e lingüísticas das *Cantigas de Santa María*.
- Valorar a figura de Afonso X en relación co uso do galego.

- Coñecer os tipos de obras características da prosa medieval.
- Explicar os condicionantes históricos que determinan a produción da prosa en galego no período medieval.
- Ler e interpretar de forma valorativa e crítica fragmentos representativos da prosa medieval

- Saber situar cronoloxicamente o período dos Séculos Escuros, e explicar acontecementos e motivos que levaron á decadencia da cultura e da lingua.
- Enumerar poemas cultos do período dos Séculos Escuros e os seus autores.
- Coñecer as principais figuras da Ilustración e explicar a importancia do seu labor.

- Situación cronoloxicamente feitos e personaxes fundamentais na historia da literatura do século XIX.
- Enumerar e explicar as principais etapas de literatura galega no século XIX.
- Explicar as iniciativas e obxectivos do Rexurdimento.
- Ler, analizar e interpretar textos dos precursores do Rexurdimento.
- Explicar a importancia dos precursores, enumerar autores e obras.

- Enumerar datos fundamentais da biografía e da obra de Rosalía de Castro.
- Ler e identificar elementos temáticos en poemas de *Cantares gallegos* e *Follas Novas*.
- Realizar comentarios literarios atendendo a aspectos formais, temáticos e lingüísticos.

- Coñecer e explicar aspectos importantes da vida e da obra de Pondal.
- Recoñecer e explicar elementos simbólicos na poesía de Pondal.
- Valorar o labor innovador da obra poética de Pondal.
- Realizar comentarios literarios atendendo a aspectos temáticos, formais e interpretativos de poemas de Pondal.

- Coñecer datos fundamentais da vida e da obra de Curros.
- Ler e analizar textos significativos da obra poética de Curros.
- Recoñecer e explicar liñas temáticas en poemas de *Aires da Miña Terra*.

- Coñecer outros autores e obras representativas do Rexurdimento.
- Ler comprensivamente e analizar temas e recursos presentes en diversos textos doutros autores do Rexurdimento.

## **2º BACHARELATO**

### **a) Lingua e texto.**

- Identificación de procedementos de cohesión e coherencia textual.
- Produción de textos coherente e ben cohesionados.
- Explicación do valor dos conectores máis habituais.
- Corrección de textos con erros que afecten a estas dúas propiedades.
- Definición de fonemas vocálicos e consonánticos.
- Comentario fonético de textos que presenten alteracións nas vogais e consoantes.
- Pronuncia correcta e identificación das vogais de grao medio.

- Análise morfolóxica: segmentación en morfemas, significado destes e clasificación da palabra segundo a súa estrutura formal.
- Análise sintáctica de frases, cláusulas e oracións dun nivel de dificultade adaptado a este curso.
- Definición de palabras.
- Recoñecemento de relacións semánticas
- Estruturación de campos semánticos

### **b) A sociolingüística.**

- Coñecer as características sociolingüísticas da historia externa da lingua galega durante o século XX e comezos do XXI.
- Identificar as distintas variedades sintópicas do galego e saber comentar as súas características fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas .
- Coñecer as causas e consecuencias dos fenómenos de linguas en contacto, especialmente os que afectan ao galego.
- Comentario sobre textos relativos á situación sociolingüística de Galicia ou doutras comunidades.
- Coñecemento da historia da normativización e normalización do galego e comentario de textos relativos a a estes procesos.
- Identificación, comentario e corrección de interferencias e outras desviacións da norma.

### **c) A Literatura.**

- Explicar o contexto histórico de cada unha das etapas da literatura galega do século XX.
- Explicar as características literarias de cada unha destas etapas.
- Coñecer as características das obras máis representativas dos autores galegos máis destacados do século XX e actualidade.
- Análise de textos poéticos, narrativos, teatrais ou ensaísticos dos principais autores da literatura galega do século XX e actualidade.

## METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

### Principios metodolóxicos xerais:

1.O principio da multiplicidade metodolóxica preséntase como o mellor instrumento para adaptarse ás diferentes formas de aprender dos alumnos e aos obxectivos concretos de cada momento. Non obstante, as novas tendencias metodolóxicas apostan por unha aprendizaxe menos centrada na exposición unidireccional do profesor porque fomenta a actitude pasiva e o culto excesivo á memoria, preferindo actividades onde o alumno, ben de forma individual ou en grupo, sexa o principal artífice da súa aprendizaxe, reservando para o docente o papel de guía ou orientador que facilite información e favoreza a formación de criterios de opinión.

2.A aprendizaxe en grupo:é unha maneira de aprender enormemente vantaxosa pois fomenta:

-A aprendizaxe activa.

-A capacidade de interrelación; aprendendo o equilibrio entre a participación e a escoita, tomando a responsabilidade do grupo cando se é o máis hábil, pero aceptando o liderado doutros se se necesitan destrezas diferentes.

Por outra parte, prepara ao alumno para as novas esixencias sociais e laborais que demandan capacidade creativa, espírito crítico e capacidade de traballo en equipo.

### A metodoloxía na clase de lingua.

A partir dos anos sesenta do século pasado desenvolveuse unha visión funcionalista e comunicativa da lingua, de maneira que non se concibe un proxecto educativo ou un método didáctico moderno sen este marco de referencia.

Ata os anos sesenta, a lingua considerábase basicamente como materia de coñecemento, como un conxunto cerrado de contidos que había que analizar e memorizar: a fonética, a ortografía, a morfosintaxe e o léxico. A palabra clave que aglutinaba todos estes coñecementos era *gramática*. Saber lingua equivalía a ter moitos coñecementos conceptuais deste tipo e demostrábase realizando determinadas actividades gramaticais como a análise morfolóxica, sintáctica....

Recentemente, a lingua enténdese como unha forma de acción que se realiza cunha finalidade concreta: agradecer, pedir, saudar, pedir ou dar información.... A palabra clave que define esta nova visión da lingua é *uso* (ou *comunicación*). O uso e a comunicación son o auténtico obxectivo da aprendizaxe na clase de lingua. Aprender unha lingua é pois, aprender a comunicarse con ela. E se xa se domina algo, como é o caso do galego, aprender a comunicarse mellor, en situacións máis complexas que as que se dominaban. A gramática e o léxico deixan de ser obxectivos en si mesmos para pasar a ser instrumentos técnicos para aprender a comunicarse.

Este novo enfoque require unhas clases máis participativas e activas onde os alumnos practican os códigos oral e escrito mediante exercicios reais ou verosímiles de comunicación, tendo en conta as súas necesidades de comunicación e os seus intereses ou motivacións.

A continuación expoñemos algúns trazos xerais que se refiren á forma de traballar na aula:

- Os exercicios deben recrear situacións reais ou verosímiles de comunicación . Así, os alumnos implícanse no traballo porque teñen algunha motivación.

- Debe traballarse con textos completos e non só con palabras ou frases.

- Deben usarse textos auténticos, que non foron creados especialmente para a clase de lingua nin foron excesivamente manipulados, pertencentes á máis variada gama de situacións e rexistros comunicativos.

- Procurarase que estes textos dean cabida aos denominados temas transversais para que o alumno perciba a realidade dunha maneira global e non fragmentada en distintas asignaturas.

- Os alumnos traballan a miúdo por parella ou grupos pois é a mellor maneira de organizar situacións comunicativas na aula, ademais de ser un dos puntos importantes da renovación pedagóxica en xeral, como apuntamos máis arriba.

- Os exercicios permiten que os alumnos desenvolvan as catro habilidades lingüísticas da comunicación: escoitar, ler, falar e escribir.

Outra disciplina relacionada coa lingua é o estudo da literatura que tradicionalmente sufriu un alto grao de asignaturización, isto é, mantivo pouca relación coa aprendizaxe das habilidades lingüísticas concedéndoselle maior importancia aos contidos históricos.

O contacto coa literatura, sen deixar de valorar a importancia de determinados coñecementos sobre autor, obra, época, estilo... pode facerse, polo menos nos primeiros cursos da ESO, desde un enfoque máis activo, receptivo e produtivo de textos literarios máis parecido aos primeiros contactos que temos coa literatura: contar contos, cantar cancións, ler cómics, ler na clase, expresións da cultura popular (refrán, lendas ...)dramatizar textos...que ás tradicionais clases desta materia. Parece claro que un dos obxectivos que pretendemos conseguir que é a lectura como pracer, como hábito e como fonte de coñecemento e comunicación con outras persoas próximas ou afastadas no espazo e no tempo, pode facerse sen demasiado coñecemento da tradición literaria, a cal nunca pode substituír á propia literatura.

Posteriormente, en cursos superiores , o alumno pode ir, lenta e progresivamente, madurando a súa competencia literaria e afondando no coñecemento de xéneros literarios, figuras retóricas... Situar un autor, recoñecer unha metáfora, clasificar unha obra será útil en tanto que axude a mellorar a comprensión da mensaxe e a desenvolver habilidades produtivas que lle permitirán usar , se así o desexa, a linguaxe literaria para a expresión vivencias e sentimentos propios.

Así pois, o enfoque didáctico da literatura centrarase antes na adquisición de habilidades lingüísticas que no coñecemento historicista.

Por outra parte, á hora de elixir os textos, hai que ter en conta que canto máis alongada é a obra no tempo ou no espazo, o alumno dispón de menos coñecementos



para comprendela. Logo haberá que deseñar as lecturas de acordo con este grao de dificultade e quizais non se deberá empezar sempre pola literatura medieval; parece máis adecuada unha visión máis sincrónica ou ir do máis próximo ao máis afastado.

Tamén se poderá dar cabida non só á literatura de calidade dos tres grandes xéneros, escrita e para adultos, senón tamén á tradición oral, á literatura xuvenil, de consumo...ao cómic, á canción, e a outros novos xéneros que se foron incorporando a través dos medios de comunicación.

Nos niveis iniciais, unha forma de aproximar ao alumno ás obras clásicas é botar man de versións actualizadas e adaptacións a outros xéneros (adaptacións cinematográficas, cómics, cancións, textos ilustrados...) que, se ben non establecen unha relación tan rica como coa obra orixinal, si permiten información sobre a trama, os personaxes, a época...e o que é máis importante: pode despertar o interese de maneira máis intensa de modo que poden sentir o desexo de ler a obra orixinal.

### **Secuencia de traballo máis habitual na clase de lingua.**

Aínda que é máis propio da programación de aula que realiza cada profesor é debe ser moi flexible para adaptarse aos diferentes ritmos de asimilación da aprendizaxe dos alumnos, situacións, tempo, etc. o estudo de cada unidade didáctica podería presentar a seguinte secuencia:

- Motivación: presentación da unidade e posta en común dos coñecementos previos sobre a mesma :formulación de preguntas, visualización de ilustracións, debate...

- Actividades de desenvolvemento:

- a)Información do profesor sobre os contidos mínimos .

- b)Traballo do alumno, individual ou en grupos: actividades de lectura,comprensión, expresión oral e escrita, gramática, sociolingüística, literatura...

- Corrección de ditas actividades.

- Actividades de reforzo: elaboración de esquemas e resumos, resolución de máis actividades....

- Actividades de ampliación: busca de máis información.

- Avaliación

### **Materiais curriculares**

Entre os materiais que nos axudarán a desenvolver o currículo citaremos os seguintes:

- a)O libro de texto: é un material que o departamento decidiu utilizar como un material máis de aprendizaxe sen que marque, de maneira absoluta, o ritmo, a orde dos contidos ou o tipo de actividades.

Cada profesor, dentro do seu traballo na aula, utilizarao ou non, en función do obxectivo que pretenda.

Os libros de texto utilizados serán os de Lingua e Literatura galegas da editorial Xerais para a ESO. Para o Bacharelato decidiuse o da editorial Consorcio Editorial Galego.

- b)Material aportado polo mestre ou os propios alumnos:

- Apuntamentos, fichas de traballo prácticas, material para ampliación ou reforzo.

- Textos reais procedentes dos máis variados ámbitos: persoal, académico, social, medios de comunicación (prensa e audiovisuais: radio, televisión, vídeos, películas...)
- Material de biblioteca:na súa dobre vertente de lectura literaria ou de libro de consulta (dicionarios, enciclopedias, gramáticas...)
- Material informático: páxinas web, presentacións....

### **Recursos didácticos:**

a)Recursos persoais: profesor da materia e o orientador do centro

b)Recursos materiais:

-Bibliográficos.

-De aula:encerado, pequena biblioteca de aula.

-Do centro: biblioteca, medios audiovisuais (televisión, vídeo, reprodutor de CD) e informáticos (ordenadores e periféricos con acceso á Internet)

## **AVALIACIÓN**

### **1.Procedementos e instrumentos**

#### **a)Avaliacións parciais**

*Para os contidos conceptuais e procedementais.*

##### ◆**Probas escritas:**

-Realizaranse unha ou dúas por avaliación .Nos grupos da ESO poderán realizarse máis probas, se así o considera o profesor.

-O tempo de realización será dunha sesión de 50 minutos.

-Descontarase por faltas (ortográficas, de presentación, adecuación, cohesión) 0,10 puntos ata un máximo de 1 no 1º ciclo da ESO, 1,5 puntos no 2º ciclo e 2 puntos no bacharelato, contando as repetidas só unha vez e descartando as daquelas preguntas referidas expresamente á composición de textos, que serán valoradas na correspondente pregunta. No caso de que o alumno cometa un número esaxerado de faltas (25 ou máis) descontarase 0,1 puntos por cada unha sen límite.

-Todos os profesores do departamento realizarán estas probas en cada avaliación.

◆**Proba escrita ou oral sobre o libro de lectura proposto para o trimestre. Esta proba non a realizarán aqueles alumnos que participen no club de lectura. Neste caso a puntuación obterase da información proporcionada polo profesor responsable de dita actividade.**

##### ◆**Traballo na aula e na casa:**

O profesor controlará con asiduidade o traballo persoal do alumno na aula e na casa e valorará, se procede, cada proba positiva ou negativamente ata un máximo de 1 punto.

##### ◆**Traballos individuais e/ou grupais:**

-Son traballos de investigación que o profesor pedirá se así o considera, sobre un determinado aspecto do currículo. Pode dar a opción de facelos voluntariamente ou non.

-Valorarase a corrección lingüística, o uso adecuado e variado de fontes , a elaboración persoal da información recollida, a orixinalidade...

Para as actitudes , valores e normas.

◆Observación e rexistro de:

-As actitudes recollidas no currículo

-O interese pola participación nas tarefas grupais e nas propostas lúdicas.

-A atención

-O respecto a profesores e compañeiros

-O coidado do material

-O interese: aclaración de dúbidas, contribucións

**-Ao alumno que se sorprenda copiando non se cualificará na avaliación con máis de 3 puntos.**

-O alumno partirá dun punto e irá restando 0,1 por cada actitude non desexable.

### **b)Avaliación final ordinaria**

◆Proba escrita:

-O alumno que en xuño non teña as tres avaliacións aprobadas realizará unha proba escrita como as descritas anteriormente correspondente á avaliación que teña suspensa ou de toda a materia se ten máis de unha avaliación negativa.

-Os alumnos que teñan as tres avaliacións aprobadas terán como nota final a media das tres.

### **b)Avaliación final extraordinaria**

◆Proba escrita:

-O alumno que en xuño obtivera unha cualificación negativa realizará unha proba escrita de contidos procedementais e conceptuais como as descritas para as avaliación parciais pero para toda a materia.

## **2.Sistemas de cualificación**

### **a)Avaliacións parciais.**

■ Na ESO:

Os contidos conceptuais e procedementais valerán o 90% da nota e os actitudinais o 10% , estas porcentaxes distribuiranse do seguinte xeito:

a)Contidos conceptuais e procedementais:

-Probas escritas e traballos que esixan certa elaboración: 70%.Os seguintes apartados só se sumarán se neste se obtén un mínimo de 3 puntos:

-Probas sobre o libro de lectura: 10%

-Traballo realizado na aula ou na casa: 10%

b) Contidos actitudinais: 10%

■ No Bacharelato:

a)Os contidos conceptuais e procedementais valerán o 100% da nota e distribuiranse do seguinte xeito:

a)Contidos conceptuais e procedementais:

-Probas escritas e traballos que esixan certa elaboración: 80%. Os seguintes apartados só se sumarán se neste se obtén un mínimo de 3 puntos:

-Probas sobre o libro de lectura: 10%. Este apartado suprímese para 2º de BAC e engádese este 10% ao apartado anterior, que neste caso valerá un 90% da nota.

-Traballo realizado na aula ou na casa: 10%

b) Contidos actitudinais: só se valorarán para o redondeo final da nota .

**b)Avaliacións ordinaria e extraordinaria**

A proba escrita de contidos conceptuais e actitudinais significaría o 100% da nota.

**3.Recuperación**

**◆Da materia no propio curso**

a) Por avaliacións:

Repetirase a proba escrita coa mesma estrutura e requisitos descritos anteriormente. Non se valorará nunca con máis de 5 puntos para que non represente un agravio comparativo con aqueles alumnos que aprobaron na primeira convocatoria.

Se é do gusto do profesor, en 2º de BAC poden eliminarse estas recuperacións se opta por incluír toda a materia dada ata ese momento en cada exame de avaliación para facilitar que o alumno teña presente ao longo de todo o curso os contidos que se van dando para afrontar con máis éxito as probas de acceso á universidade.

b)En xuño:

O alumno que en xuño non teña as tres avaliacións aprobadas realizará unha proba escrita correspondente á avaliación que teña suspensa ou de toda a materia se ten

máis dunha avaliación negativa. Non se valorarán nunca con máis de 5 puntos para que non represente un agravio comparativo con aqueles alumnos que aprobaron na primeira convocatoria.

#### ♦Das materias pendentes de cursos anteriores.

a) Por avaliacións:

Realizaranse tres probas escritas, unha por cada avaliación, coa mesma estrutura e requisitos descritos anteriormente. Significarán o 80% da nota.

O restante 20% será para valorar o traballo realizado durante o trimestre, que lle será asignado polo profesor encargado.

b) En xuño:

O alumno que en xuño non teña as tres avaliacións aprobadas realizará unha proba escrita correspondente á avaliación que teña suspensa ou de toda a materia se ten máis dunha avaliación negativa.

### PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores recibirán cada trimestre ou a principios de curso a materia da que se examinarán en cada trimestre. Se o alumno solicitase máis materia podería pedilo ao xefe do departamento. .

Se fose posible por parte de alumnos e profesores coincidir nunha hora fóra do horario lectivo, destinaríase unha semanalmente para a aclaración de dúbidas.

A forma de avaliación dos alumnos con materias pendentes está descrita no apartado anterior.

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a)Actividades de reforzo e ampliación:

Ao final de cada unidade didáctica adicarase unha sesión ás correspondentes actividades de reforzo:insistencia nos contidos mínimos a través de esquemas, resumos, realización de máis actividades... e ampliación: actividades máis complexas, traballos de investigación...

b)Agrupamentos específicos

-Existirá un grupo de 2º de ESO

c)ACI:

-Nestes momentos están sen determinar.

d)Programa de Diversificación Curricular:

-Aplicarase para o curso de 4º de ESO.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Realizaranse aquelas actividades que nos vaian propoñendo ao longo do curso as distintas agrupacións e asociacións culturais que regularmente nos envían ao centro posibilidades de actividades extraescolares que correspondan coa materia que se está explicando nos diferentes cursos.

Destacamos sempre a asistencia a representacións teatrais ou a asistencia a conversas con escritores que se brinden a explicar a súa obra, especialmente se esta está sendo traballada na aula.

## **TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA**

Esta materia contribúe de forma decisiva ao obxectivo de formar lectores competentes:

-Todas as unidades contan con textos de lectura con actividades de expresión e comprensión específicas.

-Cada trimestre os alumnos lerán de forma individual un libro que se elixirá tendo en conta a proximidade temática cos intereses do alumno. Xeralmente, a este interésanlle máis os textos polo que din que por como o din. A sensibilidade polas características formais, técnicas ou estéticas desenvólvese nunha fase posterior.

O profesor pode proporcionar información sobre temas, personaxes, argumentos pero a decisión de cal libro ler pode deixarse en mans do propio alumno. Un sistema de listas abertas, a presentación de recensións publicadas ou unha conversa na que os alumnos se recomenden libros entre si pode ser unha boa base para a toma desta decisión.

Debería evitarse no posible que o alumno teña que facer pesados traballos académicos sobre o libro para que o profesor comprobe se o leu ou non, existe o perigo de que se relacione a lectura con actividades académicas, longas ou pouco interesantes.

Podemos concibir a lectura en si mesma e planificar algún tipo de feed-back que non represente ningún esforzo adicional para o alumno como comentar o libro na clase ou algún exercicio motivador como a elaboración dunha recensión, responder a un cuestionario que demostre a súa comprensión, redacción de textos motivados no libro (carta ao protagonista, imaxinar un diálogo cun personaxe, cambiar o final, carta ao autor...)

## **TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC**

A materia contribúe a este aspecto en varios niveis:

- Uso das TIC para a obtención de información: dicionarios, mapas, presentacións, videos
- Presentación de traballos en formato dixital.
- Exercicios de lingua e literatura interactivos
- libros dixitais
- Estudo de Internet como medio de comunicación: xornais dixitais, blogs, redes sociais...

Este curso contamos con ordenadores portátiles individuais nas aulas de 1º e 2º de ESO proporcionados polo proxecto ABALAR. Despois do correspondente proceso de formación do profesorado e de dotación das aulas de material informático, alumnos e profesores poderán sacar máis partido aos aspectos antes referidos, así como ser un excelente medio para a transmisión e recollida interactiva profesor-alumno dos conceptos,

procedementos e actitudes taballados.

Resultan de grande utilidade para a nosa materia as seguintes páxinas web:

-[www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org).

-[www.ogalego.eu](http://www.ogalego.eu)

-[www.cadernosdelingua.com](http://www.cadernosdelingua.com)

-[www.sondepoetas.com](http://www.sondepoetas.com)

-[www.blogoteca.com](http://www.blogoteca.com)

-e

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Ao final de cada trimestre os membros do departamento reuniranse para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

En caso de que algún ou algúns non foran acadados tratarase de encontrar as causas que o motiven e, na medida que corresponda ao departamento, tentar corrixir aqueles aspectos da programación que contribúan, se e o caso, a ese fracaso tanto de cara ao vindeiro curso como nos sucesivos trimestres do curso en marcha.

Estas conclusións recolleranse por escrito nun informe que formará parte da memoria final de curso.



## **CONFORMIDADE DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO**

Expresan a súa conformidade coa presente programación a totalidade dos membros deste Departamento, podendo facer constar seguidamente as observacións que estimen oportunas.

Asdo: Luz Galocha Seivane.

Asdo: Inés Díaz Pérez

Asdo: Paz Fernández Vidal.

Observacións:

Mondoñedo, 16 de setembro de 2014

## ANEXO I: PROGRAMACIÓN 4º DE PDC

### 1.- OBXECTIVOS XERAIS.

O programa de diversificación curricular cobre as necesidades educativas daqueles alumnos que presentan dificultades xeneralizadas na súa aprendizaxe, converténdose así nun instrumento básico da atención á diversidade na ESO.

Para levalo a cabo, debe adaptarse o currículo da ESO ás necesidades individuais de cada un e organizarse dunha maneira distinta á establecida con carácter xeral. Dado que buscará unha aprendizaxe funcional, é necesario primar os contidos procedementais que axudarán a modificar os esquemas de aprendizaxe, posto que constitúen a base da adquisición dos contidos conceptuais.

As competencias básicas que se pretenden acadar no PDC son as mesmas establecidas na programación de Lingua e Literatura Galega para a ESO.

Desde ámbito sociolingüístico facilitarase a consecución dos obxectivos xerais de etapa, sobre todo os que fan referencia á adquisición das destrezas comunicativas implicadas no uso da lingua e á comprensión da dimensión social das actividades humanas.

Consideraranse obxectivos do ámbito sociolingüístico os que permiten desenvolver as seguintes capacidades:

Comprender e producir textos orais e escritos en galego e castelán, recoñecendo as súas diferentes finalidades, as situacións de comunicación en que se producen e as súas distintas estruturas formais.

Extraer as ideas principais e secundarias de textos orais e escritos, sendo capaz de reflexionar sobre elas e de relacionalas co contexto en que foron producidas e coa propia realidade.

Expresarse oralmente e por escrito, en galego e en castelán, con coherencia e corrección, de acordo coas diferentes finalidades e situacións comunicativas e adoptando un estilo expresivo propio.

Utilizar a lingua como un instrumento para a adquisición de novas aprendizaxes, para a comprensión e análise da realidade, a fixación e o desenvolvemento do pensamento e a regulación da propia actividade.

Cofecer a realidade plurilingüe de España, así como a súa variedade cultural e social. Valorala superando estereotipos sociolingüísticos e considerando os problemas que presentan as linguas en contacto.

Cofecer os elementos formais e os mecanismos da lingua galega e castelá no seu plano fonolóxico, morfolóxico, léxico-semántico e textual, reflexionando sobre eles e sobre as condicións de produción e recepción das mensaxes en contextos sociais de comunicación, co fin de desenvolver a capacidade para regular as propias producións lingüísticas.

Cofecer os principais períodos literarios, autores e movementos da Literatura galega e castelá desde a Idade Media á actualidade.

Beneficiarse e desfrutar autonomamente da lectura e da escrita como formas de comunicación e como fontes de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

Cofecer os cambios e a continuidade a través da evolución histórica e identificar diferentes fenómenos sociais, políticos, económicos e culturais característicos dun período, sendo capaz de analizalos e criticalos.

Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos máis relevantes da

historia do mundo contemporáneo, analizando as interrelacións que se producen ó longo da historia entre os feitos políticos, económicos e culturais.

Obter, interpretar e relacionar información verbal, gráfica, estatística, cartográfica... a partir de distintas fontes, especialmente dos medios de comunicación; tratala de maneira autónoma e crítica de acordo co fin perseguido e comunicala ós demais de forma organizada e intelixible.

Resolver problemas elementais e levar a cabo estudos e investigacións aplicando conceptos, técnicas e procedementos básicos de indagación característicos das Ciencias Sociais e da Historia.

Aprender e empregar técnicas sinxelas de manexo da información: busca, elaboración e presentación, con axuda de todo tipo de materiais impresos tradicionais e a aplicación das TIC, mostrando sempre un espírito crítico e construtivo ante a información recibida.

Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates con actitude construtiva, tolerante e crítica, explicando as súas opinións e propostas e sendo conscientes de que o diálogo é unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

Valorar e respectar os patrimonios naturais, culturais, lingüísticos, artísticos, históricos e sociais, tanto do pasado coma do presente, adoptando una actitude responsable na súa conservación e apreciándoos como fonte de disfrute.

Participar no proceso de aprendizaxe, mostrando interese pola propia evolución e polas diferentes actividades desenvolvidas.

Estes Obxectivos concréntanse nunha serie de contidos que se irán secuenciando ó longo do programa e que serán especificados a continuación.

## **2.- CONTIDOS.**

### **2.1.- PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS DE 4º PDC.**

Para determinar os contidos do ámbito socio-lingüístico partimos dos que figuran para 4º ESO nas áreas integradas (lingua galega, lingua castelá e historia).

Dado que os contidos de lingua son progresivos, traballaranse sobre os mesmos do 3ºPDC, pero afondando neles, e ampliaranse outros que non foron estudados no curso pasado. Con respecto á literatura, comezase o seu estudo este curso.

No tocante á historia, dado a inabarcabilidade da mesma, estudaremos a época moderna por ser máis próxima ó alumnado.

#### **Contidos lingüísticos**

A secuenciación de contidos lingüísticos será a seguinte:

#### **Primeira avaliación**

##### **I. LER, FALAR E ESCRIBIR.**

- O texto e as súas características. A tipoloxía textual (narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación).
- O texto expositivo (folleto informativo, instancia, currículo, carta de presentación,

contrato).

- O texto xornalístico: noticia, reportaxe, crónica.
- O subliñado, o resumo. O emprego do dicionario para a ampliación do vocabulario.

## II. ESTUDO DA LINGUA

- As maiúsculas. Os signos de puntuación: punto, os puntos suspensivos e a coma. As normas de acentuación. Acentuación en monosílabos, palabras compostas, ditongos, tritongos e hiatos. O til diacrítico. Grafías: b/v.
- A situación plurilingüe de España. A orixe e a actualidade do castelán e do galego. As variedades xeográficas de ambas. Fenómenos de contacto entre linguas.
- As categorías gramaticais: determinantes, substantivos, adxectivos, pronomes.

## III. LITERATURA

- O texto literario: verso e prosa. Os xéneros e as súas características. A métrica e as estrofas. Principais recursos literarios.
- A Idade Media: contexto histórico-cultural. Principais correntes e autores (na literatura castelá e galega).
- Os Séculos Escuros na literatura galega.
- Renacemento e o Barroco: contexto histórico-cultural. Principais correntes e autores.

### **Segunda avaliación**

#### I. LER, FALAR E ESCRIBIR.

- O texto argumentativo (reclamación e recurso).
- O texto xornalístico: artigo de opinión, editorial e cartas ó director.
- A busca de información a través dos diversos soportes: tradicionais e novas tecnoloxías.
- Elaboración de subxéneros periodísticos.

#### II. ESTUDO DA LINGUA

- A ortografía das letras: g/j, h, y/ll, x/s.
- Os signos de puntuación: dous puntos, comiñas, os signos de interrogación e admiración.
- As categorías gramaticais: verbos, adverbios, preposicións e conxuncións.
- Léxico: a súa orixe (cultismos e voces patrimoniais). Os préstamos, estranxeirismos e neoloxismos.
- Os procedementos de formación de palabras (derivación, composición, parasíntese; siglas, acrónimos, abreviaturas e acurtamentos).

#### III. LITERATURA

- A literatura do Romanticismo/Rexurdimento: contexto histórico-cultural e características. Autores máis destacados (Larra, Espronceda, Bécquer, Rosalía, Pondal e Curros).
- Realismo e Naturalismo: contexto histórico-social e cultural. A novela realista e naturalista (Galdós, Clarín e Bazán).

## Terceira avaliación

### I. LER, FALAR E ESCRIBIR.

- O texto prescrito: as disposicións legais e normas) e instrutivo (xogos e instrucións de uso).
- Os textos periodísticos: a entrevista.
- Elaboración de subxéneros periodísticos.

### II. ESTUDO DA LINGUA

- A ortografía das letras: c/q/k, c/z, r/rr c/cc. Os signos de puntuación: punto e coma, raia e guión.
- Léxico: sinonimia/antonimia, hiponimia/hiperonimia, polisemia, homonimia, eufemismos e palabras tabú. A precisión léxica.
- A publicidade: mecanismos e elementos que conforman a mensaxe publicitaria.

### III. LITERATURA

- A crise de fin de século: situación histórico-cultural. Modernismo e Xeración do 98.
- O século XX. A literatura ata a guerra civil: contexto histórico-social e cultural. As vangardas e ismos. As Irmandades da fala, o grupo Nós, os novecentistas. A Xeración do 27.
- A Literatura durante o franquismo: represión e exilio.

A literatura de posguerra: situación histórico-cultural. A lírica, narrativa e teatro ata os anos 70. A literatura do exilio.

A literatura contemporánea: lírica, narrativa, teatro e periodismo ata a actualidade.

A secuenciación de contidos de historia será a seguinte:

### Primeira avaliación

- O Século da Razón: Antigo Réxime, Ilustración e despotismo ilustrado. Os primeiros monarcas españois. A Galicia borbónica. A América colonial. Cara ó cambio político e cultural.
- As revolucións burguesas: liberalismo, independencia de EEUU, revolución francesa e revolución liberal española. A revolución agraria e industrial. O capitalismo e a sociedade de clases.
- Restauración, liberalismo e nacionalismo. Fernando VII, Sabela II e o Sexenio democrático. A Galicia liberal. Nacionalismo e novos estados en Europa. O movemento obreiro.

### Segunda avaliación

- Estado burgués e movementos sociais. Segunda revolución industrial e transformacións demográficas. Expansión colonial e imperialismo. A Restauración borbónica en España. Rexionalismos e nacionalismos en España.
- O mundo entre guerras: a Primeira Guerra Mundial. A revolución rusa e o estado soviético. O fascismo. A crise de 1929 e a Gran Depresión. O Nazismo. A Segunda Guerra Mundial.
- República e ditadura en España: ditadura de Primo de Rivera, a Segunda

República e A guerra Civil. A ditadura de Franco.

### **Terceira avaliación**

- A división do mundo en bloques. A Guerra Fría. As democracias liberais e populares. A descolonización. O Terceiro Mundo.
- A Terceira revolución industrial e a nova orde internacional. A Unión Europea, a América Latina, Asia oriental e o mundo islámico.
- A España democrática: a transición, a Constitución de 1978, o Estado das Autonomías. A Galicia autonómica.

## **2.2.- PROCEDEMENTOS E ACTITUDES.**

Neste programa de diversificación perséguese que os contidos desenvolvidos se acaden dunha maneira procedemental e que se adquiran unha serie de actitudes fundamentais para a evolución do noso alumnado. É por iso para nós fundamental destacar procedementos e actitudes perseguidas durante os dous anos que abrangue a diversificación curricular.

### **Procedementos**

- Explicación da terminoloxía empregada nos conceptos.
- Análise de diversas situacións comunicativas nas que se empreguen distintos tipos de signos para recoñecer os elementos do proceso comunicativo que nelas interveñen.
- Análise de distintos tipos de discursos, orais ou escritos, para determinar as características da lingua empregada e as funcións lingüísticas que aparecen nos mesmos.
- Lectura, comentario, análise e produción, tanto oral como escrita, de textos narrativos, descritivos, dialogais, expositivos e argumentativos, recoñecendo as súas partes e características formais e resumindo o seu contido.
- Autoavaliación ortográfica. Emprego dos correctores ortográficos do procesador de textos.
- Recoñecemento e clasificación dos tipos e subtipos de categorías gramaticais, sendo capaz de descompoñelas nos seus constituíntes (lexemas e morfemas).
- Diferenciación das formas non persoais e persoais do verbo (e nestas últimas da persoa, número, tempo, modo, aspecto e voz), así como das perífrases.
- Recoñecemento dos procedementos de formación de palabras e das relacións semánticas entre elas.
- Lectura, análise e interpretación de textos pertencentes ás lecturas realizadas e propostas como de lectura obrigada.
- Confección de fichas de lectura nas que se analicen os compoñentes básicos dunha obra.
- Busca de información a través dos diferentes soportes en que esta aparece (libros, mapas, atlas, enciclopedias, novas tecnoloxías...), utilizándoa para a planificación

- e realización de diferentes traballos.
- Realización de esquemas e resumos que faciliten a propia tarefa; ampliación do vocabulario a través do emprego do dicionario.
- Comentario de mapas e textos históricos, gráficas e filmes de contido histórico.
- Identificación dos diferentes períodos históricos, comprendidos entre o Antigo Réxime e o século XX, e das características máis relevantes deles.
- Relación entre os feitos históricos e a situación social, política e cultural que os provoca.
- Recoñecemento dos elementos básicos dos principais estilos ou artistas do mundo contemporáneo.

### **Actitudes**

- Aprecio pola lingua oral e escrita, entendéndoa como un instrumento que facilita a formación e socialización, e valorando a importancia de dominar o código lingüístico para acadar unha adecuada comunicación entre persoas e culturas.
- Respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo e polas manifestacións de opinións alleas ás propias.
- Respecto e valoración das normas que rexen a creación de textos escritos, tanto no referente ó seu nivel ortográfico como gramatical e textual.
- Adopción dunha actitude crítica ante as mensaxes emitidas polos medios de comunicación impresos e dixitais.
- Interese, respecto e recoñecemento das variedades lingüísticas e da riqueza que estas supoñen.
- Respecto polas situacións de bilingüismo existentes en España.
- Interese pola lectura como fonte de información, aprendizaxe, coñecemento e pracer, valorando o feito literario como manifestación lingüística, cultural, estética e social.
- Curiosidade polo coñecemento da historia, valorando o influxo de mesma na situación política, social, cultural, económica e cultural actual.
- Concienciación das desigualdades sociais e dos problemas provocados polos desequilibrios xeográficos, desenvolvendo unha actitude crítica ante situacións de inxustiza e discriminación.
- Valoración e respecto polo medio natural, mostrando unha actitude activa na conservación e defensa do medioambiente e avogando pola reciclaxe como instrumento importante nesta tarefa colectiva.
- Aprecio polo uso das técnicas de traballo, sobre todo aquelas que implican o emprego das novas tecnoloxías, como elementos que facilitan o avance no enriquecemento persoal.
- Participación activa e voluntaria no desenvolvemento da materia e realización dos traballos propostos ó longo do curso.
- Coidado na planificación, execución, revisión e autocorrección dos propios textos e desexo de superación persoal.

### **3.- METODOLOXÍA.**

A programación debe ser desenvolvida cunha metodoloxía práctica e activa, tendo en conta que se trata dun programa de diversificación curricular, que vai dirixido a alumnos/as cunha historia académica de fracasos escolares, de desmotivación, de desinterese e de baixa autoestima.

Para conseguir este obxectivo intentarase en todo momento que o alumnado se sinta

protagonista das súas aprendizaxes: que na clase se lea, se discuta, se fale e investigue, aínda que é primordial que nas tarefas se leve unha continuidade e que se finalicen as actividades propostas.

Co fin de conseguir a motivación e implicación do alumnado, partiremos en primeiro lugar dos coñecementos que posúen acerca do tema que se vai tratar, pasando logo á información concreta do que se vai tratar nel e seguindo coa incorporación, nalgúns casos, das suxestións fundamentadas que fagan.

Tamén favorece a motivación a valoración positiva dos progresos individuais, así como o feito de ter en conta os distintos ritmos de traballo e a proposición de actividades variadas que os estimulen.

Para desenvolver e perfeccionar a expresión oral dos alumnos potenciarase a súa participación en debates sobre temas que se traten no ámbito, buscando que sexan capaces de expresar as súas propias opinións con argumentos válidos e que saiban escoitar e respectar as opinións dos demais.

Para mellorar a súa expresión escrita propoñeranse actividades que impliquen o seu emprego. Para isto, tentarase desenvolver, empregando as novas tecnoloxías, unha publicación colectiva que inclúa os traballos levados a cabo polo alumnado ó longo do curso.

Poderanse realizar saídas do centro para desenvolver actividades que supoñan a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, de tal xeito que vexan a funcionalidade dos mesmos e comprobren de forma autónoma a súa adquisición.

En canto á estruturación da programación, seguiranse os principios que se enumeran a continuación:

- Integración dos contidos das áreas de referencia. Para evitar a reiteración de contidos lingüísticos, tentarase unha distribución lóxica dos mesmos e un estudo comparativo do galego e o castelán, que permita ó alumnado establecer as similitudes e diferenzas que atopamos nos distintos aspectos desenvolvidos.
- Establecerase un fío condutor. Un punto de referencia fundamental para o noso ámbito é o emprego do texto. A lectura, análise e interpretación de textos, así como a reflexión sobre estes propicia a consecución de moitos dos obxectivos previstos, posto que atende ós catro bloques de contidos lingüísticos establecidos (escoitar, falar e conversar; ler e escribir; estudo da lingua e literatura) e facilita o estudo dos fenómenos sociais e xeográficos. Traballarase non só os textos propostos na aula, senón tamén libros de lectura, sobre os que se realizarán probas específicas de análise e comprensión lectora.
- Para facilitar o desenvolvemento da metodoloxía é necesario o uso dunha serie de recursos mediadores entre os elementos do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Entre eles cabe destacar:
  - **caderno** do alumno será fundamental, posto que non dispón de libro de texto. A adecuada organización do mesmo, a toma de apuntamentos, a realización de actividades....
  - **dicionarios, enciclopedias, mapas, seleccións de textos, ordenadores, vídeos, DVD, cassetes...** (acudirase de forma habitual á biblioteca, ben sexa para a consulta de material, ben para lectura de libros ou uso de ordenadores). O seu emprego apoiará o avance na manipulación de técnicas de traballo e axudará á aplicación práctica das aprendizaxes adquiridas.
  - **lecturas** obrigatorias en castelán e galego



#### **4.-CRITERIOS,CONTIDOS MÍNIMOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Para levala a cabo, débense ter en conta os seguintes criterios da avaliación:

1. Identificar as ideas principais e secundarias presentes en textos orais ou escritos, sendo capaz de sintetizalas ou desenvolvealas para emitir xuízos sobre elas.
2. Expoñer oralmente un tema, previamente preparado, de modo ordenado, coherente e adecuado ó auditorio, integrando linguaxe verbal e non verbal.
3. Elaborar textos coherentes, correctos e adecuados baseándose na información proporcionada por diversas fontes e empregando distintos recursos (tradicionalis ou novas tecnoloxías).
4. Recoñecer os distintos tipos de estruturas textuais (narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación) e os seus elementos, sendo capaz de elaborar e analizar textos sinxelos que as presenten.
5. Comprender e analizar calquera situación comunicativa tendo en conta os elementos e as funcións que nela aparecen.
6. Coñecer e localizar en mapas as distintas linguas de España e recoñecer os fenómenos derivados do contacto lingüístico.
7. Estudar os planos da linguaxe, identificando e analizando as súas unidades.
8. Coñecer os procedementos de formación de palabras e a relación semántica entre elas.
9. Identificar as características elementais da literatura española e galega desde la Idade Media ata a época actual.
10. Ler, analizar, comentar e producir textos de carácter literario, identificando as características formais dos distintos xéneros, e emitindo un xuízo crítico acerca das mesmas.
11. Identificar os principais periodos históricos contemporáneos (desde o Antigo Réxime ata a actualidade) e as súas características fundamentais, sabendo situar feitos trascendentes na súa época e explicando as súas orixes, causas e consecuencias.
12. Relacionar os feitos históricos cos cambios producidos por eles, valorando o seu influxo na conformación do mundo actual, da súa política, sociedade, economía e cultura.
13. Usar o dicionario para ampliar o propio vocabulario.
14. Asimilar as técnicas de traballo e empregalas para facilitar a aprendizaxe e mellorar o rendemento académico.

##### **CONTIDOS MÍNIMOS**

Os contidos mínimos esixidos para este nivel serán os seguintes:

- **Ler, falar e escribir:**
  - Recoñecer e analizar os tipos e características máis destacadas das diferentes formas discursivas (narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación).

- Distinguir as ideas principais e secundarias dun texto, sabendo xulgallo criticamente.
- Recoñecer as diferentes seccións dun periódico e elaborar noticias, reportaxes e entrevistas.
- Distinguir as características básicas da mensaxe publicitaria.

- **Estudo da lingua:**

**Comunicación e gramática:**

Coñecer o concepto de comunicación, identificando os distintos tipos de signos e os elementos e funcións da linguaxe que poden aparecer na comunicación lingüística.

Coñecer as linguas de España e os fenómenos de contacto existentes entre elas.

Entender a lingua como un conxunto de subsistemas que teñen unhas unidades propias como obxecto de estudo.

Diferenciar e analizar as categorías gramaticais e a súa estrutura interna;

**2. Ortografía:**

- Dominar as normas de acentuación.
- Usar correctamente as maiúsculas e as grañas, así como os signos de puntuación.

**3. Léxico:**

- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras (derivación, composición e parasíntese, acrónimos, acurtamentos e siglas)
- Construír familias léxicas, campos semánticos e establecer relacións significativas entre as palabras (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia).
- Abandonar o emprego de palabras comodín e avanzar no enriquecemento do vocabulario.

- **Literatura:**

- Recoñecer e analizar as características da lingua literaria e a dos seus xéneros.
- Distinguir as características xerais da literatura galega e castelá desde as súas orixes ata a actualidade.
- Ler, comentar e interpretar as obras establecidas como lectura obrigatoria para o curso, realizando as fichas bibliográficas delas.

- **Historia:**

- Recoñecer e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes da historia do mundo contemporáneo desde o Antigo Réxime ata a actualidade.
- Relacionar os feitos históricos cos cambios producidos por eles, valorando o seu influxo na conformación do mundo actual, da súa política, sociedade, economía e cultura.
- Comprender e comentar minimamente textos históricos, gráficos e filmes de contido histórico.
- Coñecer a situación histórica e a organización actual do mundo, facendo especial fincapé no relativo a Europa, España e Galicia.
- Interpretar a información proporcionada polos xornais e relacionala cos coñecementos adquiridos acerca do mundo moderno.

- **Técnicas de traballo:**

- Elaborar apuntamentos, facer resumos e esquemas, subliñar, confeccionar fichas de lectura e traballos, así como empregar adecuadamente o dicionario e as enciclopedias para mellorar o rendemento académico.
- Empregar as novas tecnoloxías para a busca de información e a adecuada presentación de traballos.

## **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS**

### **a)Avaliacións parciais**

*Para os contidos conceptuais e procedementais.*

◆**Probas escritas:**

-Realizaranse tres por avaliación .

-O tempo de realización será dunha sesión de 50 minutos.

-Descontarase por faltas (ortográficas, de presentación, adecuación, cohesión) 0,10 puntos ata un máximo de 1,5 puntos , contando as repetidas só unha vez e descartando as daquelas preguntas referidas expresamente á composición de textos, que serán valoradas na correspondente pregunta. No caso de que o alumno cometa un número esaxerado de faltas (25 ou máis) descontarase 0,1 puntos por cada unha sen límite.

◆**Proba escrita ou oral sobre o libro de lectura proposto para o trimestre.** Esta proba non a realizarán aqueles alumnos que participen no club de lectura. Neste caso a puntuación obterase da información proporcionada polo profesor responsable de dita actividade.

◆**Traballo na aula e na casa:**

O profesor controlará con asiduidade o traballo persoal do alumno na aula e na casa e valorará, se procede, cada proba positiva ou negativamente ata un máximo de 1 punto.

◆**Traballos individuais e/ou grupais:**

-Son traballos de investigación que o profesor pedirá se así o considera, sobre un determinado aspecto do currículo. Pode dar a opción de facelos voluntariamente ou non.

-Valorarase a corrección lingüística, o uso adecuado e variado de fontes , a elaboración persoal da información recollida, a orixinalidade...

## Para as actitudes , valores e normas.

### ♦Observación e rexistro de:

- As actitudes recollidas no currículo
- O interese pola participación nas tarefas grupais e nas propostas lúdicas.
- A atención
- O respecto a profesores e compañeiros
- O coidado do material
- O interese: aclaración de dúbidas, contribucións
- Ao alumno que se sorprenda copiando non se cualificará na avaliación con máis de 3 puntos.**

-O alumno partirá dun punto e irá restando 0,1 por cada actitude non desexable.

## **b)Avaliación final ordinaria**

### ♦Proba escrita:

- O alumno que en xuño non teña as tres avaliacións aprobadas realizará unha proba escrita como as descritas anteriormente correspondente á avaliación que teña suspensa ou de toda a materia se ten máis de unha avaliación negativa.
- Os alumnos que teñan as tres avaliacións aprobadas terán como nota final a media das tres.

## **b)Avaliación final extraordinaria**

### ♦Proba escrita:

- O alumno que en xuño obtivera unha cualificación negativa realizará unha proba escrita de contidos procedementais e conceptuais como as descritas para as avaliación parciais pero para toda a materia.

## **2.Sistemas de cualificación**

### **a)Avaliacións parciais.**

Os contidos conceptuais e procedementais valerán o 90% da nota e os actitudinais o 10% , estas porcentaxes distribuiranse do seguinte xeito:

#### a)Contidos conceptuais e procedementais:

- Probas escritas e traballos que esixan certa elaboración: 70%.Os seguintes apartados só se sumarán se neste se obtén un mínimo de 3 puntos:
- Probas sobre o libro de lectura: 10%
- Traballo realizado na aula ou na casa: 10%

#### b) Contidos actitudinais: 10%

## **b)Avaliacións ordinaria e extraordinaria**

A proba escrita de contidos conceptuais e actitudinais significaría o 100% da nota.

### **3.Recuperación**

#### **◆Da materia no propio curso**

a) Por avaliacións:

Repetirase a proba escrita coa mesma estrutura e requisitos descritos anteriormente. Non se valorará nunca con máis de 5 puntos para que non represente un agravio comparativo con aqueles alumnos que aprobaron na primeira convocatoria.

b)En xuño:

O alumno que en xuño non teña as tres avaliacións aprobadas realizará unha proba escrita correspondente á avaliación que teña suspensa ou de toda a materia se ten máis dunha avaliación negativa. Non se valorarán nunca con máis de 5 puntos para que non represente un agravio comparativo con aqueles alumnos que aprobaron na primeira convocatoria.